

O **dereito** a decidir

alternativas á despenalización do aborto

O **DEREITO** A DECIDIR

Situación actual e alternativas á despenalización do aborto


O dereito a decidir


Situación actual e alternativas á
despenalización do aborto.

O dereito a decidir: alternativas á despenalización do aborto.

Deseño e maquetación : Bea R. González
Impreso en Gráficas Mera, s.l.
Tfños: 981271126/981160064

Proxecto impulsado pola Marcha mundial das mulleres comarcal da Coruña e coa colaboración do Concello da Coruña, na concellaría de mocidade, solidariedade e normalización lingüística





Introdución

A Marcha Mundial das Mulleres na Galiza consideramos o aborto un dereito fundamental que permite a soberanía sobre o propio corpo, garantindo a escolla dunha maternidade desexada e responsábel.

É por iso que denunciemos que hoxe, igual que hai 22 anos, se continua a limitar a liberdade individual e a tomada de decisións das mulleres e que o aborto non é aínda unha prestación universal por dereito xa que 95% das interrupcións fanse en clínicas privadas.

Denunciamos a obxección de conciencia que deixa as mulleres desasistidas sanitariamente e que propicia a indefensión legal das e dos profesionais que realizan abortos así como a intromisión na intimidade e vida privada das mulleres, como puidemos evidenciar no acontecido nas clínicas abortistas en Madrid e Barcelona en finais de 2007 e comezos de 2008.

Denunciamos os grupos conservadores e a igrexa xerárquica que continúan a cuestionar e criminalizar as mulleres por abortar, coa única intención de reforzar e perpetuar a sociedade patriarcal e a desigualdade entre mulleres e homes, pois a opresión da muller foi e continua a ser unha das orixes do seu poder.


Por todo o exposto a Marcha Mundial das Mulleres na Galiza iniciou en Xaneiro de 2008 a campaña polo aborto libre e gratuíto na Seguridade Social, coa recollida de autoinculpacións en que participaron mais de 1500 mulleres e homes do noso país, manifestacións e acto de entrega de autoinculpacións no día 8 de Marzo Día internacional da muller e en que saímos à rúa a pesar da prohibición oficial nalgunha das comarcas galegas.


Continuando con esta campaña e conmemorando o 28 de Maio Día Internacional de Acción pola Saúde das Mulleres a coordinadora comarcal da Coruña organizamos un ciclo de conferencias, vídeo-forum e coloquios baixo o título 'O dereito a decidir: Situación actual e alternativas à despenalización do aborto'. Nas xornadas introducíronse temas tais como a loita polos dereitos reprodutivos e sexuais, a situación actual e redes dos COF (Centros de Orientación Familiar), os aspectos legais do dereito a decidir, e coa colaboración de mulleres representantes do asociativismo e activismo da nosa cidade xerouse un debate sobre as alternativas à despenalización do aborto.

Coa publicación destas xornadas e a súa divulgación totalmente gratuíta tanto en papel como en formato electrónico, pretendemos partillar con todas a información, debate e reflexión que xurdiu dentro da dinámica desta actividade. Consideramos que este material pode axudar a entender mellor o contexto histórico, xurídico e sanitario da actual regularización do aborto e establecer as bases para a discusión dentro da sociedade galega das alternativas à despenalización. Para a Marcha Mundial das Mulleres é fundamental deseñar estratexias de presión social e política e encoraxar a participación de toda a sociedade e do activismo galego nestas estratexias.

Até todas as mulleres do mundo conseguirmos a soberanía sobre o propio corpo, nós continuaremos en marcha

Marcha Mundial das Mulleres Comarcal da Coruña





Índice

‘Unha introdución à loita polos dereitos reprodutivos’ por Lola Ferreiro

Que queremos dicir cando falamos de dereitos sexuais e reprodutivos?. Coñecérmonos a nós propias e ao noso corpo. O poder da frustración sexual.. A Revolución Industrial e a proletarización das mulleres. Primeiro conflito: dereitos do proletariado ou dereitos da muller? Regulación da natalidade, dereitos reprodutivos e sexualidade. A II República e os dereitos das mulleres. A espcada do fascismo. Segundo conflito: reforma ou revolución? As organizacións feministas: a muller exerce presión política. Conclusións

‘Redes e situación actual dos centros de planeamento familiar’ por Mariam Ferreiro

Historia dos centros de planeamento familiar. Como funcionan os centros de planeamento familiar na Galiza. A educación sexual. Os métodos anticonceptivos. Atención sanitaria en caso de aborto. Métodos de aborto. Debate

‘Aspectos legais do dereito a decidir’. ‘A situación constitucional no Estado Español’ por Ana Aba Catoira

Definir legalmente os dereitos das mulleres. A loita polos dereitos das mulleres. A Constitución do Estado Español. A vida no sentido xurídico. O proceso de regulamento da despenalización do aborto. Alternativas à despenalización no sistema xurídico español. O dereito a decidir

‘Alternativas legais à despenalización do aborto’ por Luz María Puente Aba


Sistemas vixentes de regularización do aborto. O aborto no código penal. Da despenalización à legalización: o caso de Portugal. O aborto no código de Saúde Pública: Francia. Outros sistemas de legalización do aborto: Alemaña, Italia, Reino Unido e Estados Unidos. Debate


‘Alternativas à despenalización’ introducido por ‘Mil e Pico’, ‘Nomepisesofreghao moreia de parafeministas desgêneradas’ e ‘Marcha Mundial das Mulleres’. O aborto e o dereito a decidir. A cuestión moral e psicolóxica. Coeducación e educación afectivo-sexual. A actual campaña reaccionaria contra o dereito a decidir. A loita continua.

Bibliografía

Agradecementos

Apéndice





O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto

Poñentes e participantes

‘Unha introdución á loita polos dereitos reprodutivos’. **Lola Ferreiro.**

Catedrática de procesos sanitarios e membro do grupo Lúa Crecente, enfocado na Educación para a Saúde desde a perspectiva de xénero. Autora do libro ‘Coeducación afectiva, emocional e sexual’

‘Redes e situación actual dos centros de planeamento familiar’. **Mariam Ferreiro**

Traballadora social desde 1975 e no COF da Coruña desde a súa inauguración en 1983.

‘Aspectos legais do dereito a decidir. A situación constitucional no Estado Español.’ **Ana Aba Catoira**

Profesora titular na Facultade de Dereito da UDC e membro

de Rede Feminista de Profesoras de Dereito Constitucional.


‘Alternativas legais á despenalización do aborto.’ **Luz María Puente Aba**

Investigadora no programa Isidro Parga Pondal na UDC e membro da Asociación Internacional de Dereito Penal

‘Alternativas á despenalización’. **Itziar Brea da asociación xuvenil ‘Mil e Pico’**


Colectivo ‘Nomepisesofreghao Moreia de parafeministas des-gêneradas’.

Victoria Louro da ‘Marcha Mundial das Mulleres’. Coa participación de Galiza Nova, CAF, Briga, Agir.



*Unha introdución á loita polos
dereitos reprodutivos.*

Lola Ferreiro



O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto

A partires de mediados do século XX comeza a utilizarse a denominación “dereitos sexuais e reprodutivos” en referencia á vindicación das mulleres de ter potestade sobre o propio corpo, a propia sexualidade e o planeamento da maternidade. Porén, debemos ter en conta que as primeiras manifestacións desta loita foron pola regulación dos dereitos reprodutivos antes que polos dereitos sexuais... e isto continúa sendo así hoxe en día, en liñas xerais.

Mirando cara atrás na historia, podemos comprobar que o uso dos métodos anticonceptivos e, polo tanto, os primeiros tentos de control da reprodución datan de hai case 3900 anos. De feito, a primeira descrición que se coñece sobre métodos anticonceptivos está recollida no Papiro de Petri, no Exipto do ano 1850 a.c., no que se describen algunhas fórmulas de produtos que podemos considerar espermicidas.

Mais isto non quere dicir que se tentasen de garantir os dereitos reprodutivos das mulleres, e moito menos os sexuais, senón que máis ben se trataba de facilitar as relacións coitais entre homes e mulleres sen que isto trouxese como consecuencia a ampliación da prole... e, se temos en conta que durante moitos séculos a represión sexual das mulleres chegaba ata a mesma negación da súa existencia, resulta doado comprender que os beneficios da anticoncepción eran case sempre para os homes, que podían satisfacer os seus desexos con menos risco de ampliar a descendencia.

Nin sequera nos primeiros documentos que recollen a vindicación dos dereitos das mulleres se fai referencia expresa aos dereitos sexuais.

Se revisamos a Declaración dos dereitos da muller e a cidadá, escrito por Olympe de Gouges no ano 1791, que podemos considerar un dos xermolos do feminismo, só atopamos referencias ao dereito das mulleres a que se recoñeza a paternidade das súas fillas e fillos naturais, o cal foi un auténtico salto cualitativo para aquela época, con indubidábeis connotacións indirectas

sobre o recoñecemento de dereitos sexuais, mais non existe referencia directa ningunha sobre este particular.

Non é ata finais do século XIX que comeza a teorizarse sobre a sexualidade da muller, nomeadamente desde as pioneiras da loita pola liberación das mulleres adscritas ao ámbito da esquerda marxista. Colle destacar, neste sentido, as achegas de Rosa Luxemburgo e Clara Zetkin, e sobre todo as de Alexandra Kollontai. Podemos dicir que con elas se inicia a andadura cara ao asentamento das bases dunha moral sexual diferente, caracterizada pola reivindicación do propio corpo e da propia sexualidade que, en consecuencia, amplía o obxectivo da anticoncepción, vinculándoa co dereito das mulleres ao pracer sexual.

Xa no século XX, concretamente en 1914, a enfermeira Margaret Sanger acuña o termo “control de natalidade”, dándolle a este unha dimensión feminista, alén do androcentrismo e o malthusianismo clásicos da época.

Podemos dicir, polo tanto, que a consideración das mulleres como suxeitos sexuais, con dereito ao pracer e ao uso e disfrute do seu corpo, e en consecuencia o planeamento da natalidade como dereito reprodutivo individual, é moi recente, conforme o demostran os cento e poucos anos que comezou o proceso, en relación coa historia da humanidade.

Porén e a pesares dos avances significativos rexistrados desde entón, o problema está moi lonxe de resolverse.

En primeiro lugar, porque a anticoncepción continúa estando fóra do alcance da maioría das mulleres dos países subdesenvolvidos e de moitas dos países desenvolvidos e, en segundo lugar, porque a sexualidade das mulleres continúa estando deslexitimada como tal por amplos sectores da poboación en todo o mundo.

Polo tanto, cómpre termos en conta que a loita por estes derei-

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

tos está e debe seguir en pé, dentro do marco da liberación das mulleres, pola súa vez enmarcado na liberación das clases oprimidas.

Que queremos dicir cando falamos de dereitos sexuais e reprodutivos?

Na declaración do Fondo das Nacións Unidas para as Actividades de Poboación (FNUAP – ONU) na Conferencia de El Cairo (1994), recoñécense os dereitos a:

Decidir, libre e responsabelmente o número de fillas e fillos, e o espazo de tempo entre os nacementos. Para isto, deben ter ao seu dispor a información e os medios necesarios.

Atinxir o nivel máis elevado de saúde sexual e reprodutiva.

Adoptar as súas decisións en materia de reprodución sen sufrir discriminación, coaccións nin violencia.

Recoñécense, polo tanto, os dereitos reprodutivos... non exactamente os das mulleres, senón os das persoas... na medida en que o primeiro punto da declaración fala da lexitimidade de poder decidir o número de fillas e fillos que decidan e tamén o espazo de tempo entre os embarazos.

Pero tamén fala de atinxir o nivel máis alto de saúde sexual e reprodutiva, polo tanto aquí xa entramos en materia de dereitos sexuais.

En canto ao terceiro punto da declaración: “adoptar as súas decisións sen sufrir discriminacións, coaccións nin violencia”, parece entrar, entre outros, na principal contradición de xénero: a desigualdade.

Se a isto lle engadimos a indicación expresa que a mesma declaración fai, no sentido de que “se debe prestar plena atención á promoción das relacións de respecto mutuo e igualdade entre homes e mulleres, e as necesidades das e dos adolescentes para que poidan asumir a súa sexualidade de xeito positivo e responsable”, poderíamos dicir que, en esencia, a declaración do

FNUAP nos ofrece un bo marco de referencia para abordar a cuestión... aínda introducindo os “matices” necesarios.

Un destes “matices” ven da man das conclusións da 4ª conferencia mundial da muller, celebrada en Beijing ao ano seguinte, na que se indicaba: “As mulleres teñen dereito a exercer a súa sexualidade en condicións libres de coacción, discriminación e violencia”... e, qué entendemos por exercer a nosa sexualidade? En primeiro lugar, parece imprescindible separala da procreación, porque non parece razoábel pensar que unha muller poida exercitar a súa sexualidade, sobre todo se é heterosexual, baixo a presión dun embarazo non desexado, por exemplo. Máis ben parece que garantir unha anticoncepción efectiva é condición imprescindible para poder desenvolver a sexualidade libremente.

Porén, a anticoncepción, por si soa, non garante os dereitos sexuais nin a saúde sexual. Para isto, precisamos desmontar e corrixir os tabús seculares que pesan sobre este ámbito. Precisamos identificar os propios desexos sexuais, a súa orientación e a persoa cara á que vai dirixido. E, por suposto, en qué momento desexamos ter unha filla ou un fillo.

Tamén precisamos ser quen de lle comunicar os nosos desexos á outra persoa, porque cando o desexo está dirixido cara a outra persoa resulta imprescindible que ela o saiba... e este tipo de comunicación non sempre resulta doado.

Por último, todas estas condicións deben estar enmarcadas nun contexto de autoceñemento: do noso corpo, das nosas emocións, dos nosos afectos... de nós mesmas, en definitiva.

Coñecérmonos a nós propias e ao noso corpo

O castigo secular que pesa sobre a sexualidade das mulleres está lonxe de resolverse.

Son moitas as cuestións que continúan estando “penalizadas”

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

cultural e socialmente. Non temos máis que situarnos nalgún dos emerxentes da cuestión para darnos de conta:

Chegar a coñecer o noso corpo e saber cales son as nosas zonas máis eróxicas, é dicir, investigarmos cales son as zonas do noso corpo que nos producen máis pracer sexual, é unha das finalidades da masturbación. Porén, a masturbación “en feminino” continúa estando “penalizada”. Así o demostra, por exemplo, un estudo sobre hábitos sexuais do Ministerio de Sanidade do ano 2004, realizado a traveso dunha enquisa a poboación de menos de 35 anos. Segundo os resultados, un 75% dos homes referían que se masturbaban con frecuencia, só un 20% das mulleres o recoñecía. Polo tanto, concluímos que probablemente haberá unha porcentaxe de mulleres que se masturba aínda que non o diga e, sobre todo, hai unha alta porcentaxe que non o fai.

Coñecer e valorar os xeitos de relación sexual non coital. O coito está sobreevalorado con respecto a outros xeitos de obtención de pracer, ata o punto que se tende a falar de “relación completa” se hai coito!. Porén, hai outras formas de relación non coitais igualmente pracentiras... mesmo ás veces máis pracentiras có coito, mais non se fala moito delas. Nós, desde os dispositivos e os programas de educación afectivo-sexual tentamos de promoverlos, pero pensamos que van ter que pasar anos para que se comecen a normalizar como unha forma máis de sexualidade.

Carecer de medos e tabús que impidan ou dificulten a obtención de pracer... e, falando disto, venme á memoria aquel filme xenial de Woody Allen, “Todo o que sempre quixo saber sobre o sexo pero nunca se atreveu a preguntar”. Nela hai unha escena na que se representa o cerebro dun home como unha sala de máquinas moi ben dotada, con moita xente alí traballando coordinadamente. O home dispónse a ter unha relación sexual, ten unha erección, pero algo pasa que llo impide... baixa a erección... ven a frustración... o “persoal” que traballa no seu cerebro está alarmado... que pode estar ocorrendo?, preguntáanse... De pronto, aparecen dous gardas de seguridade (da seguridade do cerebro) traendo a un “crego infiltrado” que sabotara o sistema e impedira a relación!!!

Non se me ocorre unha maneira máis creativa de representar a represión sexual propia, sobre todo, das culturas derivadas do cristianismo. A sexualidade é pecaminosa e sucia, polo tanto débese reprimir, ata o punto de “mantela a raía” no subconsciente... e as consecuencias son precisamente estas: vívese a se-

xualidade con medo, non sempre identificado como tal, con vergoña, que é unha forma de medo... e fronte a isto, precisamos dispoñer de información, precisamos saber as cousas sen tabús, precisamos valorarnos e respectarnos e tamén valorar e respectar ás demais persoas. Precisamos ter seguridade en nós mesmas, e confianza en nós e nas demais persoas. Polo tanto, unha das grandes cuestións pendentes é excluír os medos asociados cos nosa sexualidade e coa nosa afectividade. Porén, mentres ese crego estea aí indicándonos (no subconsciente ademais!!) que a sexualidade nas mulleres non existe, que as mulleres que teñen desexo sexual son sucias e pecadoras, probablemente teñamos moi limitada a nosa capacidade para gozar.

En suma, para andar o camiño que nos falta, que é moito camiño aínda, debemos:

Tentar de superar a presión cultural alimentada e sostida pola igrexa católica.

Atinxir a igualdade real e os dereitos para todas as persoas... os dereitos sexuais e todos os demais dereitos.

Estabelecer e desenvolver os plans de educación afectivo-sexual necesarios, xa desde a infancia, así como garantir o acceso de toda a cidadanía aos recursos preventivos.

O poder da frustración sexual

Non debemos esquecer que a represión sexual é un garante para a perpetuación do poder, porque non hai mellor cousa para ter á poboación sometida que tela permanentemente frustrada... e non hai maior frustración que a frustración sexual. Polo tanto, a represión sexual das persoas está ao servizo do sistema dominante (economicamente dominante) e a represión sexual das mulleres está ao servizo do poder patriarcal.

Este constrúe un arquetipo de muller, é dicir, constrúe un modelo de muller, atribuíndolle unha serie de calidades, valoradas como positivas, que constitúe todo un referente para as actitu-

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

des e os comportamentos... a educar?... ou a domesticar? Todos estes valores quedan inseridos no chamado “subconsciente colectivo”, e afectan ás persoas dunha mesma cultura. No noso caso, o arquetipo de muller inclúe valores que fomentan e tenden a perpetuar a desigualdade: a abnegación e a auto-agresividade, que non se herdan, senón que se transmiten de xeración en xeración a través da educación... alén das crenzas ou descrenzas relixiosas, marcan a moral de todo un colectivo, que as leva impresas no subconsciente e que, por este mesmo motivo, son moi difíciles de superar.

Se nos situamos nos primeiros tempos, entendidos estes como os comezos da era cristiá, podemos ver como se pasou da persecución a permisividade e desta á conversión dos propios emperadores, que abrazan a nova doutrina e, con isto, os estados vólvense confesionais. Así, o que antes era só pecado, agora é tamén delito... e o ámbito da sexualidade, especialmente das mulleres, pasa a ser obxecto de persecución política, asemade da relixiosa.

Toda este aparato de imposicións, prohibicións e castigos adquire dimensións extraordinarias na Idade Media. Abonda con algúns exemplos, dos máis emblemáticos da época. Por exemplo, como mentres os señores ían ás cruzadas (formalmente, converter aos infieis, realmente, entre outras cousas, violar ás mulleres dos infieis e matalos a eles) deixaban ás súas mulleres cos cintos de castidade postos, porque con este arrepiante instrumento garantían a súa posesión sobre elas, e... que maior posesión que posuílas sexualmente e en exclusiva?.

Pola súa vez, as mulleres, reducidas ao ámbito privado, sen relación ningunha entre elas que lles permitise organizarse, sen a menor consideración cara a si mesmas, condicionadas pola crenza da súa inferioridade intelectual e nula capacidade de decisión, e reprimidas e frustradas sexualmente, carecían, por todos estes motivos, de capacidade de resposta ante estas agresións... e así se foi perpetuando o sistema durante séculos e séculos.

Por outra parte, debemos considerar tamén que a anulación da sexualidade das mulleres ten lugar sobre un substrato de inexistencia dos dereitos máis elementais que inevitavelmente facilita a construción subxectiva desta crenza. Porque estamos falando de persoas en situación permanente de minoría de idade. Sen capacidade para estudar ou traballar fóra da casa (agás que dispoñan do permiso dos eu pai, dos eu home ou dos eu titor legal), sen capacidade para controlar os seus propios ingresos, resultantes do seu traballo. Ata o século XIX, mesmo era rarísimo que as mulleres soubesen tan sequera ler ou escribir... como ían, entón, facer uso dos seus dereitos sexuais?. Primeiro ignoraban que os ten e, segundo, non se podían considerar suxeitos de dereito senón obxecto dos privilexios dos demais. Polo tanto, a ausencia de dereitos civís, sociais e persoais é un factor que interactúa perfectamente coa ausencia de dereitos sexuais... e a frustración que se produce como resultado é tan forte e tan crónica, e a capacidade de organización tan escasa, que impide a resposta.

A revolución industrial e a proletarización das mulleres

Xa nos primeiros anos da revolución industrial prodúcese o acceso das mulleres ao mundo laboral. Un gran número delas (e mesmo de nenas) incorpórase ás fábricas e isto atinxe dimensións nunca vistas anteriormente cando, ao comezar a primeira guerra de 1914, son as mulleres as que se teñen que facer cargo do traballo fóra da casa, porque os homes están na fronte. Incorporáanse para soste á familia e para soste ao estado e ao sistema. Elas fanse cargo do traballo na industria de guerra e do resto da industria que os países en guerra se poden permitir. Prodúcese, pois, a “proletarización das mulleres”. De feito, nos períodos das dúas guerras mundiais, máis da metade do proletariado son mulleres.

No caso do estado español, só traballan un 24% das mulleres, moitas delas no servizo doméstico, pero o feito de traballar con outras mulleres (sobre todo na industria téxtil, especialmente en Catalunya) e relacionarse entre elas, e poder compartir as mes-

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

mas contradicións e poder falar entre elas da explotación, e da falta de dereitos, fai que se “convertan” en proletariado, no sentido marxista da palabra. E isto supón un paso adiante, aínda que as principais teorizacións sobre a igualdade de xénero só se sistematizan por media ducia de ideólogas.

Porén, esta incorporación ao mundo laboral non se fai por recoñecemento de dereitos senón por necesidades económicas. De feito, continuaban precisando do permiso do home ou do pai para poder traballar, estes podía cobrar o soldo delas e facer con el o que quixesen, non había prazas escolares para todas as nenas e nenos e polo tanto moitas mulleres tiñan que levalos consigo ou deixalos tirados na rúa; os salarios eran inferiores aos dos homes, moitas veces mesmo cobraban a metade por facer o mesmo traballo, e non tiñan dereito a cobrar ningunha clase de subsidio por enfermidade ou por xubilación.

Máis do 50% da poboación adulta era analfabeta, e do total, o 65% eran mulleres.

Neste contexto tan hostil régúlase no Estado Español o que podemos considerar unha cuestión fundamental para as mulleres, dentro do ámbito dos dereitos reprodutivos: no 1929, en plena ditadura de Primo de Rivera, promúlgase a Lei de protección da maternidade que, entre outras cousas, permitía ás mulleres descansar tres semanas despois de parir, cobrando igualmente o seu salario. Debemos sinalar tamén que esta lei, conseguida pola presión dos sindicatos de clase, incúmprese sistematicamente polos patróns e, por suposto, o goberno non establece os mecanismos de control necesarios para facer que se cumpra e a situación é tan desesperada que as mulleres chegan a parir nas propias fábricas, ás que acoden ata última hora por medo a seren despedidas, cuestión que, por outra parte, se produce con frecuencia polo só feito de quedaren embarazadas e mesmo polo feito de casar, porque se entendía que isto implicaba un embarazo a curto prazo. Por outra parte, non existía protección ningunha para elas nos traballos insalubres ou perigosos, nin sequera no último período do embarazo.

O 80% da cidadanía non estaba ben atendida nos servizos de saúde e esta cuestión era particularmente dramática para as mulleres, que non sequera recibían atención sanitaria mínima nos embarazos, partos e puerperios, atendidos por parteiras da veciñanza, en xeral mulleres afeitas a este labor, pero sen formación ningunha... e todo isto producía unhas altísimas taxas de mortalidade maternal e infantil. O acceso aos métodos anticonceptivos e ao aborto non existía.

As nenas e os nenos estaban totalmente desatendidos en canto ás necesidades máis elementais, de alimentación, de hixiene corporal, de vestido e de calzado e, por suposto, de escolarización. De feito, había, aproximadamente, un millón de criaturas menores de 12 anos sen escolarizar, a maioría deles nenas... e o control da Igrexa sobre a educación era case total: en cada escola había un crego e, sobre todo, a igrexa contaba con centros propios que acollían a uns 300.000 nenas e nenos, e o seu plan de estudos era diferente para uns e para outras.

A prostitución estaba regulamentada, aínda que esta regulamentación nunhas condicións absolutamente nefandas para as mulleres, coa persecución das prostitutas non adscritas ás casas correspondentes e coa lexitimación de todo tipo de maltrato cara a elas.

Evidentemente non parece posíbel, nun contexto deste tipo, que as mulleres poidan exercer, nin sequera reclamar, ou mesmo identificar, os seus dereitos sexuais... máis ben parece que, no ámbito reivindicativo, se consideraban outras prioridades.

Primeiro conflito: dereitos do proletariado ou dereitos da muller?

No estado español, igual que noutros países de Europa e de América, a revolución industrial trae consigo a proletarización e esta, pola súa vez, a necesidade de organización en sindicatos de clase para a defensa dos seus dereitos. Xa en 1888 se fundara a UGT, de carácter socialista e vinculada co Partido Socialista

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

Obreiro Español de Pablo Iglesias. Esta central, xunto coa CNT, de ideoloxía libertaria e fundada en 1910, chegan a ter, en poucos anos, centos de milleiros de afiliadas e afiliados, e constitúen un feito histórico de fundamental importancia para a defensa dos dereitos da clase traballadora e, en especial, das mulleres, que poden comezar a tomar conciencia da súa situación de dobre explotación e comezar a reclamar os seus dereitos, por primeira vez na historia.

Ao mesmo tempo que este modelo de organización supón un clarísimo avance na loita polos propios dereitos, pon de manifesto tamén as primeiras contradicións, centradas neste caso nas prioridades da loita. Así, desde a posición do liderado sindical e político, de predominio masculino, enténdese que a revolución social pendente, traerá da man a liberación das mulleres e de todos os colectivos oprimidos e, polo tanto, esta é a cuestión principal (por non dicir única) a resolver... e unha vez máis, as mulleres ven supeditados os seus dereitos propios aos dos demais, e pulan polos dereitos da humanidade, pero non polos seus propios.

Pero hai algunhas mulleres que logran ver a contradición e, en consecuencia, están en posición de denunciar a trampa que esta prioridade implica. Algunhas delas procedentes de familias acomodadas e por tal motivo con acceso a estudos e outras procedentes das clases máis humildes, traballadoras desde nenas e autodidactas. Todas, unhas e outras, sementan o xermolo do feminismo e introducen, dalgunha maneira, a necesidade de resolver a contradición de xénero asemade da de clase.

E entre elas destacaremos algunhas. Todas elas naceron cara a mediados do século XIX. Teñen diferente ideoloxía, pero coinciden nunha cuestión fundamental: a revolución social non leva aparelada a liberación da muller, a menos que se traballe expresa e especificamente para conseguila.

Alexandra Kollontai, foi unha das ideólogas e artífices da revolución soviética. Pertenceu ao Partido Comunista da Unión So-

viética, que foi Comisaria do Pobo para cultura e acción social no primeiro Soviet Supremo. Polo tanto, a primeira muller no mundo que tivo rango do que entendemos por ministra. Ela tivo claro, desde o primeiro momento que non abundaba coa expropiación dos medios de produción e a abolición da propiedade privada, nin con que a muller se incorporase á produción para conseguir a súa liberación. Xa entón, promulgaba que era imprescindible unha revolución na vida cotiá, nas relacións entre as persoas, nas relacións de parella, para conseguir a liberación das mulleres. Era tan avanzada, que falaba dunha revolución cultural, non como a que promoveu Mao Tse Tung en China, senón a través da revolución das relacións entre as persoas, da igualdade entre os seres humanos real no cada día. En definitiva e noutras palabras, cambiar os valores culturais do subconsciente colectivo era a meta revolucionaria... e a sexualidade das mulleres tiña que ser abordada con urxencia.

No estado español debemos destacar outras dúas mulleres que compartían este mesmo principio ideolóxico: Teresa Claramunt e Teresa Mañé (Soledad Gustavo), libertarias, e Carmen de Burgos, socialista.

Pola súa vez, Rosa Luxemburgo e Clara Zetkin dicían que o proceso debía ser ao revés do propugnado polas anteriores. Indicaban que a revolución das mulleres desempeñaría un papel fundamental na liberación do proletariado: "Liberemos ás mulleres e isto contribuirá á liberación da humanidade". A idea é revolucionaria, sobre todo se consideramos que ambas as dúas a propuxeron na primeira década do século XX.

En calquera caso, todas elas, en especial Alexandra Kollontai, comezan a considerar que un dos aspectos importantes dos dereitos das mulleres, pendente de resolver, é o dereito á súa propia sexualidade e ao seu propio corpo, dentro dun contexto de igualdade.

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

Regulación da natalidade, dereitos reprodutivos e sexualidade.

As primeiras iniciativas institucionais para o control da natalidade que se sitúan en Europa no período de entreguerras, obedecen máis a cuestións demográficas e eugenésicas que ao recoñecemento do dereito das mulleres a decidir cantas fillas e fillos queren ter e canto tempo debe transcorrer entre os embarazos.

Por un lado, prodúcese unha elevación moi significativa da taxa de natalidade que causa alarma na época, sobre todo debido á influencia das teorías de Malthus sobre a descorrelación entre o crecemento da poboación e dos recursos para mantela, e induce, polo tanto, a habilitar medios para tentar de frear este crecemento da poboación. Por outra parte, as teorías eugenésicas de Galton gozan de prestixio naquela época e, en consecuencia, a “mellora” da especie humana é unha meta que esixe poder elixir a idade máis adecuada da muller para procrear, así como o tempo que debe transcorrer entre embarazos.

Cómpre, polo tanto, facilitar o uso de medios para evitar os embarazos e, sobre todo, para permitir programalos, cando estes se buscan. En suma, as mulleres van comezar a ter, na década dos anos vinte e, sobre todo, dos trinta, moitas máis facilidades para acceder aos métodos anticonceptivos, pero non se trata de recoñecer os seus dereitos, senón máis ben de exercer un control sobre os nacementos que permita diminuír o crecemento da poboación, mellorar a especie e, en todo caso, permitir que os homes poidan seguir exercendo os seus privilexios sexuais sen consecuencias ou coas menos posíbeis.

Tamén debemos sinalar que estas tendencias a facilitar a anticoncepción (independentemente da súa motivación), coexistían con correntes de opinión tremendamente reaccionarias, defendidas desde a “ciencia” e, por suposto, apoiadas pola igrexa. Destacaremos aquí a do médico coruñés Eliseo Sández Otero (1926), que expresa e representa perfectamente esta corrente e que se pode resumir así: non se pode considerar que unha mu-

ller é saudábel, que está sa, que está apta para a vida, se non completou na vida fértil seis ciclos completos, entendendo por ciclo un embarazo, un parto e unha lactación. Polo tanto, non contan os abortos nin as fillas e fillos nados mortos.

Pola súa vez, a nivel internacional, continúan proliferando os estudos e tratados sobre a sexualidade como fonte de satisfacción, que xa iniciara Freud a comezos do século. Destacan os postulados de Wilhelm Reich sobre os beneficios de liberar a tensión sexual... e os prexuízos de reprimila, os de Emma Goldman e Margaret Sanger sobre a necesidade de separar a sexualidade da procreación, ou os de Magnus Hirschfeld sobre a lexitimación da homosexualidade, asemade da participación activa na fundación da Liga mundial para a reforma sexual sobre bases científicas, xunto con Albert Ellis e Auguste Forel.

Todas estas correntes reformadoras... ou revolucionarias sobre a sexualidade humana tamén teñen a súa repercusión no estado español onde, no 1930, Gregorio Marañón publica “La evolución de la sexualidad y de los estados intersexuales”, aínda que o contexto de represión política e social, e a gran influencia da igrexa fixeran fracasar un ano antes un Curso sobre Sexualidade organizado en colaboración coa Liga Mundial.

A II República e os dereitos das mulleres

O período da IIª República foi, sen dúbida, o que supuxo un maior avance para os dereitos das mulleres na historia do estado español e debemos destacar que o que marca un fito no proceso da consecución dos dereitos é a regulación do sufraxio universal: as mulleres terán dereito ao voto, o cal significa que son cidadás de primeira e suxeitos de dereito.

Constitución da IIª República.

Artigo 36. Os cidadáns dun e doutro sexo, maiores de vinte e tres anos, terán os mesmos dereitos electorais conforme determinen as leis.

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

A importancia que ten este recoñecemento para a subxectividade das mulleres é fundamental, porque as sitúa en posición de saberse e de “sentirse quen” e constitúe o xermolo indispensable para a súa loita pola regulación e o exercicio de moitos outros dereitos, entre eles os sexuais e reprodutivos.

Outra das cuestións fundamentais reguladas e desenvolvidas no primeiro período republicano é o dereito á educación: instaura a escola mixta, e iguala os plans de estudo das nenas cos dos nenos. Ata ese momento os plans de estudo das nenas só contemplaban bordar, coser, cocíñar, e ler e sumar e pouco máis para poder levar a súa casa. Asemade, adquire o compromiso de crear 27.000 novas escolas, a razón de 5.000 por ano e preparar a 10.000 mestras e mestres, cualificados, demócratas e pedagoxicamente avanzados que se ocupen delas: as mestras e mestres republicanos.

Por outra parte, a consciencia do perigo que supón a igrexa dentro do sistema educativo, fai que se considere de interese prioritario retirala da Escola. A Lei de confesións e congregacións relixiosas ten esta implicación, entre outras moitas. A reconversión das congregacións relixiosas prohibelle ao clero desempeñar funcións educativas e ter colexios propios, e polo tanto participar a calquera nivel na escola. Polo tanto, a escola será laica, formal e realmente. Suprímese a relixión como materia, e exprópanse os colexios relixiosos para convertelos en colexios públicos.

Outro problema que se debe resolver é o analfabetismo da poboación adulta, que atinxe case ao 50% da cidadanía (a maioría mulleres). Para isto créanse, en xuño de 1931, as Misións Pedagóxicas.

As misións pedagóxicas levaban a cultura e a educación a todas as vilas e lugares, ás veces en carromatos, e estaban formadas por voluntariado que logo desempeñou un papel moi importante na Guerra Civil tamén como milicianas e milicianos da cultura. Pero durante toda a República estiveron alfabetizando a

poboación adulta, poñendo en comunicación a escola de cada lugar coa veciñanza adulta e fundando bibliotecas.

As implicacións do novo sistema na saúde das mulleres foron indubidábeis. En primeiro termo, porque fan desaparecer a presión da igrexa na escola, o que posibilita unha educación máis libre, en segunda instancia, pola cualificación do maxisterio, que permite abordar temas ata aquel momento inabordábeis, algúns deles en relación co desenvolvemento sexual e, por último, porque iguala os plans de estudos, o que implica que as nenas se van poder cualificar igual cós nenos e, así, afianzarse como suxeitos de dereito. Por outra parte, a educación de adultas, que constituían a maior parte da poboación analfabeta da época, constitúe un paso xigantesco no desenvolvemento da autoestima das mulleres, fundamental para o exercicio dos seus dereitos persoais e sociais, ao mesmo tempo que facilita o contacto dunhas coas outras, favorecendo así a súa asociación e organización.

En canto aos dereitos sexuais, afectivo-sexuais e reprodutivos, tamén se alcanzan grandísimos logros no primeiro período (bienio vermello, ou radical-socialista):

Lei de matrimonios civís (heterosexuais), como única forma lexítima e recoñecida de unión entre as persoas.

Inscripción dos fillos naturais no rexistro, sen discriminación.

Lei de divorcio por acordo mutuo, era case o único país de Europa no que a lei do divorcio estaba redactada neses termos.

Despenalización o adulterio e o amancebamento.

Penalización o crime por adulterio, ata aquel momento non puníbel.

Anulación da prohibición dos matrimonios das obreiras e de todos os despedimentos que se produciron ata ese momento por ese motivo con carácter retroactivo. Polo tanto todas as mulleres que foran despedidas por casar, tiñan que ser readmitidas nos postos de traballo.

Creación de institucións e dispositivos destinados á saúde materno-infantil, garantindo así a seguridade de atención ás mulleres no embarazo, parto e puerperio por persoal especializado.

Creación da sección de hixiene e propaganda, para informar ás mulleres

O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto

de temas de saúde delas mesmas e tamén das súas fillas e fillos.

Créase unha escola nacional de puericultura.

Créase o padroado de protección á muller, anteriormente padroado para suprimir a trata de brancas. Moi importante se temos en conta o que significa para as mulleres, e o que era padroado da trata de brancas dirixido sobre todo pola igrexa.

Créase tamén un padroado para a loita antivenérea e suprimese o arancel que pagaban as taxas de prostitución para que atendesen ás prostitutas porque se entende que son políticas sanitarias que ten que asumilas o aparato do estado.

No 1933 empézase a debater no Parlamento por proposta do Director Xeral de Sanidade a abolición da prostitución que estaba regulamentada. Posteriormente abolida, durante o bienio negro.

Nese mesmo ano, introdúcese no parlamento o debate sobre a necesidade da realización de estudos científicos sobre o control da natalidade.

Non colle dúbida de que todo este aparato lexislativo senta as bases para o desenvolvemento dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres: porque lle permite elixir máis libremente cando e con quen casar, divorciarse e librarse así do xugo que supón unha relación non desexada, manter relacións fóra do matrimonio sen a presión do Código Penal, ter un maior acceso aos métodos anticonceptivos e ser atendidas e informadas sobre todos os aspectos da maternidade, entre outras moitas cousas.

Porén, non podemos esquecer que a represión secular á que estiveran sometidas ata entón, non se resolve só coa promulgación dunhas leis, por moi progresistas que estas sexan e, en consecuencia, quedaba por diante todo un labor de concienciación e de traballo para se liberaren do lastre e da alienación que este supuña... e unha vez máis habían ser, sobre todo, as organizacións de mulleres as encargadas de desenvolver as estratexias necesarias. Houbo mulleres ideólogas, que axudaron a construír o paradigma feminista da época, houbo mulleres activistas, que contribuíron a crear organizacións e desenvolver o seu planeamento, houbo mulleres políticas que defenderon o regulamento dos dereitos. Houbo, en definitiva, un inmenso compromiso

das mulleres coa causa... coa súa propia causa. E debemos comentar, aínda que sexa a grandes trazos, o seu labor. Tanto o das mulleres que achegaron individualmente como o das organizacións.

Falamos en primeiro lugar de Hildegard Rodríguez Carballeira, porque foi unha peza fundamental (no pouco tempo viviu), para entender que dimensións, se lle comezaban a dar á sexualidade das mulleres.

Hildegard foi membra da sección española da Liga Mundial para a Reforma Sexual, concretamente foi a súa secretaria xeral, con Gregorio Marañón como presidente. A proposta de traballo de Hildegard pódese resumir nunha frase sumamente expresiva: “imos ver que tipo de sexualidade queremos as mulleres, e imos ver como iso se pode levar a cabo dentro dun réxime democrático”.

A primeira das asociacións, por orde de creación, é a Asociación de Mulleres Antifascistas que chegou a contar con 30.000 afiliadas; esta é unha sección do Partido Comunista de España. Estaba presidida por Dolores Ibarruri e créase, como o seu nome indica, precisamente porque se percibía moi próxima a ameaza do fascismo, créase no medio da República, moito antes da Guerra Civil, concretamente no Bienio Negro.

A Asociación de Mulleres Antifascistas desempeñou un papel moi importante, por exemplo, nas Misións Pedagóxicas. Moitas das súas afiliadas dedicáronse á alfabetización da poboación adulta. Porén, a súa subordinación ás teses do PCE fixo que, en moitas ocasións, priorizasen os intereses do partido aos das propias mulleres e moito menos aos dereitos sexuais.

Destacou tamén a Unión de Muchachas Madrileñas que dependía da Juventud Socialista Unificada. A maior parte das súas afiliadas eran menores de idade. Elas organizáronse como asociación independente e fixeron verdadeiros intentos por facer valer os seus dereitos.

O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto

En realidade tivérono moi difícil, porque a organización creouse en vésperas do golpe fascista.

Pero, sen dúbida, as organizacións de mulleres máis fundamente feministas daquela época foron Mulleres Libres, vinculada coa ideoloxía libertaria e coa CNT-FAI, e o Secretariado Feminino do POUM, de orientación trotskista, que colaboraron entre ambas as dúas, aínda que Mulleres Libres foi unha organización moito máis relevante e maioritaria.

A actividade de Mulleres Libres foi importantísima. Desde a súa creación, en maio de 1936, chegou a ter máis de 20.000 afiliadas no estado español. Alfabetizou a unhas 500.000 mulleres. Creou centros de consulta e asesoramento e materia de anti-concepción e sexualidade.

Ideou e puxo en marcha os liberatorios de prostitución e foi unha peza clave na construción da “Lei de interrupción artificial do embarazo”, da Generalitat de Catalunya. Asemade, a súa revista “Mujeres Libres”, foi un auténtico órgano de debate ideolóxico sobre temas de xénero, entre outros, sobre os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres.

Entre as súas fundadoras cómpre destacar a:

Concha Liaño sinalaba que Mulleres Libres nacera para reivindicar primordialmente os dereitos das mulleres, sen supeditación a ningunha outra causa, non porque loitaran contra os homes, senón porque querían loitar xunto con eles. Decía que, sen a liberación das mulleres, non se ía chegar nunca á revolución social. Neste senso tiña bastantes puntos en común con Rosa Luxemburgo e con Clara Zetkin.

Amparo Poch i Gascó, médica aragonesa, fundadora dos centros de asesoramento en materia de anticoncepción e sexualidade en Catalunya e Aragón.

Lucía Sánchez Saornil, escritora libertaria con gran inquietude cara aos dereitos sexuais das mulleres. O seu pensamento queda moi claro cando di: “O mundo masculino ven pendurando fronte á muller en dous conceptos extremos: o da nai e o da prostituta. Do sublime ao abxecto, sen deterse no

estritamente humano: a muller como individuo, racional, pensante e autónomo”.

Mercedes Comamposada, Antonia Fontanillas, ou Suceso Portales e Sara Berenguer, que mantiveron viva a revista “Mujeres Libres” desde o exilio... e tantas outras que contribuíron a que milleiros de mulleres coñecesen, asumisen e exercesen os seus dereitos.

En calquera caso, consideramos importante resumir aquí os puntos programáticos de Mulleres Libres, na medida en que entendemos que expresan moi ben a súa ideoloxía e o seu compromiso coa causa das mulleres:

Reivindicación da independencia económica da muller co acceso desta ao traballo remunerado sen distinción de ningún tipo, pero coa instalación xeneralizada de comedores escolares e garderías (esta consigna recuperouse despois, nos anos 70, cando se di que non abundaba con que a muller empezara a traballar, senón que había que axudala co resto dos labores que tiña pendentes).

Reivindicación de compartir solidariamente o traballo doméstico.

Defensa das unións libres, entre persoas comprometidas entre si por vontade propia e sen máis ataduras legais.

Transformación das estruturas autoritarias da familia, substituindo as relacións de dominación, creadas polo patriarcado, por relacións igualitarias e solidarias.

Escolas mixtas e coeducativas. Educación na liberdade

Información e debate sobre a sexualidade

Información sobre métodos anticonceptivos

Despenalización do aborto

Abolición da prostitución, con creación masiva de liberatorios

A espacada do fascismo

O fascismo supuxo un retroceso tremendo para os dereitos do conxunto da cidadanía, pero moi en especial das mulleres. A ditadura de Franco quixo acabar co novo modelo de muller, polo que pulara a República: autónoma, instruída e libre.

E intentou acabar con ela, acabando con todas as mulleres repu-

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

blicanas, dun xeito físico... e coas que non o eran, dun xeito moral, impondo o terror. A represión das mulleres foi, neste sentido, máis brutal cá dos homes, se colle. As mulleres foron detidas, torturadas e fusiladas ou encarceradas en prisións inmundas e por longos períodos de tempo, ou simplemente paseadas, igual cós homes, pero tamén foron violadas, nos cuarteis, nas prisións, nas súas casas... fóronlle roubadas as súas criaturas de corta idade, separadas delas violentamente na prisión e entregadas despois en adopción a familias “respectábeis” afectas ao réxime. Foron rapadas ao cero e paseadas polas rúas das súas vilas con cartaces colgados do pescozo nos que rezaba: “Por roja”. Foron obrigadas a limpar as igrexas e as rúas... foron humilladas e vexadas das peores maneiras posíbeis... para acabar con elas e coa súa imaxe.

E todo isto co patrocinio da igrexa e da “ciencia”. Porque non podemos esquecer que a maioría das prisións de mulleres, onde se cometían este tipo de atrocidades estaban gobernadas por monxas, que os cregos dos pobos sinalaban en moitas ocasións a quen se debía reprimir, ou que o ideólogo do roubo de nenas e nenos ás nais republicanas foi o psiquiatra militar Antonio Vallejo Nájera, baixo a delirante teoría de que o marxismo era unha enfermidade mental e, polo tanto, a primeira medida que había que tomar (e tomou, co visto e prace do xeneralísimo), foi retirar ás nenas e nenos de xunto ás súas nais.

Para rematar de consolidar o sistema represivo, desprégase un aparato ideolóxico, construído e desenvolvido pola igrexa e a sección feminina da Falanxe, que “educa”, desde as escolas e desde os púlpitos, directamente ou en diferido a través das familias, ás nenas de todo o estado... na abnegación, na submisión e na castidade, o cal supón un retroceso de tal magnitude, que a situación das mulleres pasa a ser máis retrógrada cá do período anterior á proclamación da república.

O aparato lexislativo da República é abolido con efectos retroactivos, anulándose todos os matrimonios civís e divorcios habidos durante o período de legalidade republicana. As nenas e os

nenos nados destes matrimonios pasan a ser considerados ilegítimos e as súas nais penalizadas por adulterio ou amancebamento.

O exercicio da prostitución regúlase en torno ás “casas” destinadas a tal fin, baixo o patrocinio de persoas afectas ao réxime, ao mesmo tempo que as mulleres e as rapazas que a exercen por libre son reprimidas dun xeito tan atroz como as presas polítcas, senón peor...

Pero a resistencia á ditadura produciuse desde o primeiro momento, non só a través da guerrilla, senón de organizacións como o “Socorro Rojo”, para axudar á xente que tiña que fuxir, para axudar ás familias da xente asasinada ou encarcerada, para axudar ás presas e aos presos que estaban nos cárceres. A organización comeza a medida que os fascistas van ocupando o territorio e logo, de xeito xeneralizado, a partires do ano 39. Tanto na organización de axuda como na guerrilla antifascista son as mulleres, unha vez máis, as que contribúen dun xeito decisivo ao seu desenvolvemento, unha vez máis que se sitúan á altura das circunstancias, pero tamén, unha vez máis, relegan os seus dereitos a un segundo plano, porque entenden que, nese momento, o fundamental é axudar á xente que está perseguida pola ditadura, e tirar a ditadura mesma. A contribución das mulleres ao sostemento de toda esta estrutura de resistencia, guerrilla incluída, é absolutamente fundamental, de feito, sería moi difícil entender a resistencia sen elas... pero non se vai volver falar dos dereitos das mulleres ata pasadas tres décadas.

Segundo conflito: Reforma ou Revolución?

A década dos 60 trae a recuperación do debate sobre a condición da muller, a vertebración do movemento feminista organizado e, nomeadamente, a comercialización dos anticonceptivos orais, que amplían, de facto, as cotas de liberdade sexual das mulleres ata onde nunca chegaran. Pero mentres que no resto de Europa se poden exercer estes dereitos dun xeito máis ou menos organizado, no estado español continúa a presión da ditadura e

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

segue estando penalizado o amancebamento, o adulterio, o uso dos anticonceptivos e calquera outra expresión que implique unha mínima cota de liberdade sexual para as mulleres. Mais, en calquera caso, desde este momento, a loita polos dereitos das mulleres no estado español leva alusión explícita ao libre exercicio da sexualidade, aos anticonceptivos, ao aborto, ao divorcio, e á educación sexual.

Porén, temos que considerar que, alén da imaxe pública que se dá a través das táboas reivindicativas, o debate interno nas organizacións políticas (todas elas funcionando na clandestinidade) pon de manifesto, unha vez máis, a discrepancia sobre as prioridades das contradicións a resolver.

Dentro da esquerda, había posicións revolucionarias, que consideraban pendente a revolución social, e posicións reformistas, que consideraban pendente unha ruptura democrática e a restauración da legalidade republicana... pero calquera das dúas cousas era prioritaria á restauración dos dereitos das mulleres porque, igual que ocorrera no ano 36, calquera das dúas saídas ía traer da man a liberación da muller. Por último, xa entrados os anos 70, con organizacións feministas independentes dos partidos, recondúcese o vello debate, xa resolto polas Mulleres Libres e polo Secretariado Feminino do POUM, eponse de manifesto a necesidade de traballar específica e expresamente pola consecución dos dereitos das mulleres, fóra e dentro da órbita das organizacións da esquerda.

Polo tanto, xa non se trataba de entrar na trampa que supón escoller: que escollemos, dereitos para as mulleres ou dereitos para toda a cidadanía?. Porque non hai que escoller. Os dereitos das mulleres non entran en contradición co resto dos dereitos e, desde logo, a loita por eles non menoscaba a pelexa social antifascista. Pero, na práctica, a batalla había que dala no cotiá, na vida común, no seo das organizacións, impregnadas de claves sexistas, na parella e en todos e cada un dos ámbitos da vida. Retomábanse, polo tanto, os paradigmas das pioneiras: Alexandra Kollontai, Rosa Luxemburgo e Clara Zetkin, entre outras.

A maioría das organizacións de mulleres do estado español, naquela época, funcionaban dentro doutras organizacións sociais, principalmente de partidos políticos e de sindicatos, e a contradición era permanente. Os temas da muller case sempre se limitan a declaracións programáticas sobre dereitos pendentes de carácter xeral (aborto, divorcio, anticoncepción, etc.), pero o debate ideolóxico exclusivo de xénero resulta moi complicado. Non se dispón dos espazos nin dos tempos necesarios para facelo, moitas veces hai que supeditalo a outras loitas “mais urgentes”... etc.

As contradicións de xénero percíbíanse polas mulleres novas, mesmo adolescentes, dun xeito intuitivo, no pelexar do día a día... a desigualdade coa parella, co amigo, co irmán, cos compañeiros da organización, e non se sabía moi ben como se podía resolver.

Seguíamos con contradicións flagrantes, os mozos protexíannos moitísimo, non logrei a saber exactamente de que, pero eles protexíannos, e de paso xa nos ían indicando o que tiñamos que facer, porque senón non era unha boa protección. Nós revelabámonos... cando detectabamos aquela protección... e sempre dun xeito intuitivo... Foi unha época tremendamente tumultuosa, pero moi interesante de vivir e, sobre todo, moi produtiva. A pregunta que persoalmente me queda por resolver é: tería sido posíbel a mesma aprendizaxe, a mesma maduración e o mesmo grao de conciencia, con menos sufrimento persoal?...

As organizacións feministas: a muller exerce presión política e social.

Sen querer entrar na construción do movemento feminista organizado, tema moi complexo e propio para un monográfico, debemos citar as organizacións máis representativas que se crearon en Galicia naqueles anos. Estas foron:

O Movemento Democrático da Muller Galega (MDMG), vincu-

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

lada co Partido Comunista de Galicia que se creara xa a mediados dos anos 60 sobre todo polas esposas, fillas e irmás dos presos políticos, coa finalidade de apoialos e apoiarse naquela circunstancia.

A Asociación Galega da Muller (AGM), creada a mediados dos anos 70, na que inicialmente participaron mulleres, sobre todo, do MCG (Movemento Comunista de Galicia) da LCR (Liga Comunista Revolucionaria) e algunhas de Larga Marcha. Á AGM quíxoselle dar desde o primeiro momento un carácter independente dos partidos dos que procedían (e nos que militaban) moitas das mulleres que pularon pola iniciativa. Todo isto poñía de manifesto cada día as contradicións propias da dobre militancia, pero non colle dúbida de que esta organización permitiu iniciar o debate ideolóxico feminista, aínda con todas estas dificultades e, anos máis tarde, rematou sendo realmente independentes doutras estruturas.

Un par de anos máis tarde, créase a Asociación Democrática da Muller Galega (ADMG) por mulleres pertencentes a partidos que se fusionaran con anterioridade entre eles (Larga Marcha, PT, e ORT), e tamén un amplo sector de mulleres independentes.

Estes grupos foron o xermolo do movemento feminista en Galicia, as creadoras, xunto con outras organizacións do resto do estado, da coordinadora estatal do movemento feminista dos anos 70, e foron as primeiras organizacións quen de vertebrar unha táboa só e exclusivamente reivindicativa de dereitos das mulleres. E foron as primeiras que na transición deron un paso á fronte cando se producían as agresións ás mulleres.

O procesamento de once mulleres de Basauri por aborto. Detidas no ano 1976 e xulgadas por primeira vez no ano 79. A resposta non se fixo esperar. En todo o estado español, o movemento feminista organizou a resposta. Cando finalmente se suspende o xuízo as mulleres temos a oportunidade de comprobar que somos quen de exercer presión, e que esa presión

dá resultados. Porque a coordinadora estatal mesmo logrou que se pronunciasen todos os Concellos do estado español que estaban gobernados pola esquerda (por certo desde había poucos meses) e que aprobasen e envasen mocións rexeitando que se xulgara a estas mulleres por aborto.

A creación dos primeiros Centros de Planeamento Familiar (semiclandestinos), nos anos 79 e 80, sobre todo en Levante, (Valencia e Alacante), e Andalucía, que leva á detención, xuízo e ás veces encarceramento das e dos profesionais que os atendían. Feitos deste tipo danlle forza ao movemento feminista, vertebrano e axúdanlle a comprender cales son as contradicións principais.

Se estamos nun país no que se nos está falando de que comezou unha democracia, pero podemos ser acusadas e xulgadas por adulterio, por amancebamento, por aborto, por tomar pílulas anticonceptivas... imponse a necesidade de barallar se este tipo de reivindicacións pasan a un primeiro plano e imos a por todas, ou se renunciámos na práctica a conseguir estes dereitos... e o movemento feminista dos anos 70 lógrao aínda con todas as limitacións que se lle impuxeron desde as organizacións "patrocinadoras".

Conclusións

Non podo rematar sen facer unha somera comparación entre a situación dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres durante a IIª República e a situación posterior á morte de Franco.

Con carácter xeral, debemos ter en conta que os logros republicanos en materia legislativa comezaron poucos meses despois do 14 de abril do ano 1931, mentres que os logros legislativos despois da morte de Franco tardaron, como mínimo, dous anos en resolverse... e algún deles continúa a data de hoxe sen regular.

No seguinte cadro represéntase a data de consecución de cada

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto


un destes dereitos en ambos os dous períodos. Os signos de interrogación nalgúns dos campos indican que o dereito ao que se alude está pendente de resolver, parcial ou totalmente.

Creo que son innecesarios os comentarios sobre o particular, porque os datos... e as datas, son o suficientemente expresivas e permiten as conclusións por si soas.

Por último, quero expresar a miña admiración, o meu respecto e o meu agradecemento ás mulleres da República. Ás que teorizaron, loitaron e ensinaron... ás que loitaron e aprenderon... ás que a súa militancia lles custou a vida, o cárcere ou o exilio... ás que colleron a testemuña de todas elas nos anos máis difíciles. A todas, moitas grazas pola vosa palabra, pola vosa valentía, polo voso legado... porque, como dixo unha de vós, Rosa Cremon, recentemente falecida: “Lograron quitarnos a liberdade, pero o que non lograron nunca foi quitarnos a dignidade”

*Redes e situación actual dos centros
de planeamento familiar*

Mariam Ferreiro



O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

Primeiro quería dicir que este é un lugar privilexiado, e eu sintome honrada de poder dar aquí esta charla. Estou segura que a Casares Quiroga lle gustaría ver o que estamos a facer as mulleres hoxe aquí.

Historia dos centros de planeamento familiar

Eu son traballadora social dende o ano 1975 cando vivía en Oviedo. Despois trasladaron ao meu marido á Coruña e vin vivir aquí. Non tiña traballo e preparei unhas oposicións nos tempos en que o concello quería abrir un centro de planeamento familiar. Eran os tempos nos que acababa de saír electo Paco Vázquez para a alcaldía da Coruña, e había un concelleiro que era Antonio Campos Romay que decidíu impulsar este proxecto. O centro montouse rapidamente. Fixemos as oposicións e sacámola cinco persoas: un xinecólogo, que era Segrelles e que seguramente coñecedes, pero non estivo moito tempo na equipa e no seu lugar veu o seguinte da lista que hoxe está en Carballo, unha enfermeira, un enfermeiro, unha traballadora social que era eu, e unha psicóloga.

Eramos os cinco e o espazo que tiñamos era a antiga Casa de Socorro que aínda daquela funcionaba, polo que unha parte era para a Casa de Socorro e outra parte deixáronnola para nós. Alí decidíamos cales eran os obxectivos, cales eran as programacións, ...todo. Porque non había nada, non se sabía sequera cales eran as prestacións que tiña que cubrir un centro de planeamento familiar. Como sempre, as únicas iniciativas deste tipo eran levadas polas mulleres feministas que había en Catalunya e en Madrid montando centros de planeamento familiar, ou en moitos dos casos facendo reunións nas súas casas, en múltiples sitios, falando dos temas de saúde reprodutiva-sexual, ensinando ás mulleres sobre a súa sexualidade, intentando resolver os problemas que se lle plantexaban, ou simplemente falando dos problemas de cada unha das mulleres, porque non tiñan a ningún outro sitio a onde ir. Non había nin servizos de saúde, nin servizos sociais onde a muller puidera planificar as súas cousas. Moitos centros de planeamento en Catalunya mon-

táronse polas presións e polas asociacións de mulleres, que foron os modelos onde nos inspiramos as demais.

Grazas a iso os cinco fomos montando todo. Non tiñamos auxiliar administrativo, nin conserxe, nin nada. Durante os primeiros anos eu facía de traballadora social, de administrativa, de telefonista, de todo....

O que si tivemos moi claro todos dende o primeiro momento, e iso que non nos coñeciamos de nada, foi o traballo en equipa. Foi algo que definimos moi ben, e todos, até un determinado punto, sabíamos que tiñamos que facer de todo. Se hai unha persoa que chega pola porta para pedir información, a persoa que estea libre tena que atender. Se hai unha persoa que quere facer un teste de embarazo, a persoa que estea libre teno que facer, e calquera outra cousa. Evidentemente unha consulta xinecolóxica tena que facer o xinecólogo, unha consulta psicolóxica tena que facer o psicólogo. Pero dende o primeiro momento tiñamos moi claro que o xinecólogo non tiña que ter á enfermeira que lle facía as receitas, as enfermeiras e os enfermeiros tiñan a súa consulta onde facían o seu traballo, e toda a vida foi así.

Quedei eu soa desa primeira xeración, e o resto que chegou xa se foi incorporando a esa dinámica, co cal melloramos en actuación, pero o sistema non se cambiou.

Naquel momento elaboramos nós os motivos de consulta, a metodoloxía de traballo e todo, axudámonos os uns aos outros.

A xente que viña non era de 18 anos, senón entre vinte tantos e corenta anos. Mulleres en idade fértil pero non rapaciñas. Era xente que tiña algo de idea das cousas, que ía buscar as pímulas ou métodos anticonceptivos fóra, e viñan a un servizo público que era o primeiro que se creaba.

Naquel momento dependíamos só do Concello, co cal tiñamos un laboratorio de referencia que nos facía as citoloxías,

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

García Uretra, que segue existindo. Tiñamos un laboratorio que nos facía as análises máis baratas, que estaba na costa da Palla, ao pé da cafetería “Esmeralda”.

Cando empezamos fixéronnos un contrato aos traballadores por tres anos, e a punto de se cumprir estes tres anos, o xinecólogo se vai para a privada e vemos que o centro corre perigo de pechar. Entón fomos falar con Paco Vázquez, convencémolo de que era un servizo que era necesario e que non se debía pechar, e que se non podía seguir dependendo só do Concello que fixera un concerto coa Seguridade Social. E efectivamente, foi cando se fixo ese concerto co que era o Sergas naquel momento.

O persoal sanitario pasou a depender do Insalud e o persoal non sanitario como a traballadora social, psicóloga e tamén o administrativo que tiveron que poñer eramos do Concello. Así o edificio era do Concello, pero a dirección médica a puxo o Insalud daquel momento.

Naquela altura estaba Antolín Rodríguez no Sergas, é dicir, era xente que era asequibel e púidose facer aquel convenio sen grandes problemas e a partires dese momento a dirección xa foi do Sergas.

Os que non somos sanitarios aínda temos unha dependencia do Concello porque é o que nos paga, pero non dan ningunha orde nese sentido, polo que as decisións que se toman fanse en equipo e tanto o Concello como o Sergas apóiannos.

Logramos conseguir esa independencia dunha institución e da outra. Nós dicimos o que facemos e ninguén interfere, pódelles gustar máis ou menos, pero nós seguimos con esa independencia que para nós é moi loable porque non tes un xefe que che di que algo non se pode facer. Nós facemos e punto, tampouco preguntamos a ninguén.

O aniversario dos 25 anos organizámolo e fixémoslo nós. Fomos

nós os que fomos falando con cada un e cada unha dos concelleiros e concelleiras que levan as areas, que por certo teño que dicir que quitando a concellería de servizos sociais da que dependemos, realmente as que nos apoiaron e ás que estaremos sempre agradecidos foron a de Igualdade e a de Mocidade, Margarida e Mitas cren no tema e iso nótase moitísimo.

Ao principio as mulleres acercábanse á porta e preguntaban qué podían facer alí, qué era o que facíamos. Nós si tiñamos claro que aquel era un encontro para as mulleres, que as mulleres podían vir alí plantexar os seus problemas, fundamentalmente de saúde, pero que dado que eramos unha equipa interdisciplinar... por exemplo eu era traballadora social e entendo que a miña obrigación era atender todas as problemáticas sociais que viñesen se non directamente, si derivar aos servizos correspondentes.

Se unha muller tiña problemas económicos a miña obrigación era derivala aos servizos sociais municipais que xa naquel momento empezaban a atender esas cousas. Se outra persoa tiña un familiar enfermo, ou unha persoa maior na casa e non había ninguén que a puidese coidar procurabamos buscar os recursos suficientes para eses casos.

Sempre tivemos moi claro que ás mulleres e aos homes que se acercaban por alí tiñamos que darlles unha resposta. Non resolver o problema porque ás veces non se podía, pero si que a pregunta atopase unha resposta nalgún sitio. Se nós non podiamos derivariámoste a outro sitio, e se no outro sitio non se pode derivámoste a un outro.

E realmente fomos creando un grupo de mulleres que tiñan, nalgún momento, moita máis curiosidade.

Hoxe en día, supoño que hai moita máis información da que había no momento, pero daquela estaban ávidas de saber, e preguntaban mesmo por libros. Nós tiñamos libros que elas podían consultar, tiñamos unha relación para que elas os visen,

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

polo que ao principio a atención era moi persoal porque había pouca xente e non había problema.

A partir de que se fixo o concerto coa Seguridade Social xa foi cando cambiou o persoal. Pero tamén tivemos o aquel de que a xente podía vir a nós directamente, ninguén tiña que ir ao médico de cabeceira pedir un volante, nin a ningún outro sitio, un chegaba alí e atendíase.

Fomos conseguindo persoal, hoxe somos nove persoas. Veu primeiro un xinecólogo porque o que tiñamos foise para a privada, viñeron unha matrona e unha enfermeira, derivadas do Sergas, pedíronse auxiliares administrativos, e hoxe en día temos: tres auxiliares administrativos, unha enfermeira, unha matrona, dous xinecólogos, unha psicóloga e unha traballadora social, que son eu. Cada unha temos as nosas consultas.

Como funcionan os centros de planeamento familiar na Galiza

O procedemento é:

Unha persoa chega ao centro e depende moito do motivo de consulta que teña. A maior parte é para utilizar un método anticonceptivo. Pode ser que veñan utilizar un método anticonceptivo por primeira vez, ou que xa teñan un e queiran cambiar de método, ou poida que teñan un método pero queiran unha revisión. En todos os casos poñemos como condición obrigatoria pasar por unha charla informativa porque entendemos que nós debemos ser os nosos propios axentes, non podemos estar en mans dun médico que nos diga se podemos ou non usar un DIU, ou a pílula. Entendemos que a muller ten que ter información para poder elixir. Debemos ser o único centro na Galiza que seguimos mantendo a charla informativa antes de que as mulleres sexan usuarias do Sergas.

Démoslle moitas voltas, ao principio duraba hora e media e agora dura unha hora. É moita información para unha hora pero pensamos que é fundamental, e a partir de aí se elas queren xa poden buscar máis información.

Con todo e iso, intentamos dar unha información científica e verídica, non o que se di polas rúas e que se di de familia en familia, e a pesar de todo vemos que aínda hai falsas informacións, que hai mitos, que hai crenzas falsas, e mesmo seguen sen saber cando empeza o ciclo na muller. Moitas mulleres empezan a contar o ciclo a partir de que termina a regra, en vez de a partir do primeiro día. Moitas mulleres pensan que por unha única relación sexual non lles vai pasar nada. Moitas mulleres pensan que despois de tomar a pílula aínda seguen protexidas uns meses, como a tomaches tanto tempo...

Hai un método anticonceptivo que é o implante, e usándoo o máis probable é que non baixe a regra, pois ben, as comedeiras de coco que teñen as mulleres até que se convencen de que non pasa nada, de que non é ningunha enfermidade, de que non hai ningún problema é considerábel. Outras encantadas de que non lles veña a regra, pero segue habendo eses problemas de información que circula pola rúa e que pesa máis que a nosa. Nós levamos 25 anos e aínda hai xente que non confía.

Consiste en cambiar actitudes, e iso é moi difícil, por iso despois pasan as cousas que pasan en canto a abortos e outros problemas. Unha cousa é ter a información á man, e outra telo asumido, e iso é a educación. Neste momento hai moita información pero non hai educación sexual, e moitos dos problemas débense a iso.

Despois de pasar pola charla infórmaselles como é o centro, como funciona, o que lles imos facer para que non se sorprendan, e cal é a función de cada un dos profesionais. Eu encárgome de facer as historias, cando chega a muller ao centro fágolle a historia xinecolóxica, a historia social, a historia sexual, todo. Se non ten ningún problema, dásele un método e ven a revisión aos seis meses. Non necesita nin revisión xinecolóxica, nin análise, nin nada para comezar a utilizar un método. Entón moitas mulleres que chegan á charla e ese mesmo día se queren pódense quedar a facer a historia, e ese mesmo día poden saír de alí cun método anticonceptivo, a pílula ou calquera dos mé-

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

todos anticonceptivos hormonais. O DIU non, porque para poñelo necesítase un xinecólogo e polo tanto necesita unha revisión xinecolóxica. E as mulleres que non se poden atender nese día dáselles cita para ser atendidas na semana seguinte.

Hai listas de espera para revisións xinecolóxicas, pero non para utilizar un método anticonceptivo. Calquera persoa hoxe ten preferencia no centro para consulta sobre métodos anticonceptivos. Eu sempre deixo un oco para casos de ese tipo que se poidan presentar. Entón eu pódolles facer a historia no momento e pódolles dar un método que ben pode ser pílula ou método hormonal, ou preservativo ou crema espermicida, ou diafragma. É dicir, hoxe ninguén ten que quedar embarazada pola falta de cita. Evidentemente tamén incluso se é necesaria a revisión xinecolóxica nalgúns casos tamén se fai.

Por exemplo nós tivemos un programa, o 'Programa Marta', por poñerlle un nome, en que traballamos coa prostitución. Traballamos con Médicos do Mundo e iamos na súa furgoneta, onde cambian as xiringas e reparten preservativos e demais. Iamos por todos os prostíbulos explicando a función de Médicos do Mundo e a nosa. Deixabamos unha tarxeta co número de teléfono.

E as mulleres só tiñan que dicir na entrada do COF que viñan do 'Programa Marta' para non ter que dar mais ningunha explicación.

E foi curioso que despois de percorrelas todas, a maior parte das mulleres xa coñecían o centro, e xa moitas delas eran usuarias. Gustáballes máis acudir como persoas individuais que non vir como o 'Programa Marta'. De todas formas houbo un grupo importante delas, e segue habendo, que veñen a través do programa.

Temos unha serie de situacións de risco ás que lles damos cita directamente, sen lista de espera, polo que nese sentido con ter tempo non hai problema.

Aos seis meses faise a primeira revisión xinecolóxica para comprobar se o método que están utilizando lles vai ben, e simplemente facer unha exploración xinecolóxica para cumprir coas previsións de cancro de mama que é o que temos obrigación.

Cando nós abrimos no ano 1983, cando fixemos os motivos de consulta, non tiñamos ningún marco legal. No 1984 o Insalud puxo outros centros de planeamento familiar na Galiza, un montouse en Ferrol, en Santiago, en Pontevedra... digamos que son os que hai agora. Na provincia de Lugo hai en Lugo cidade, Burela e Monforte; na Coruña, na Coruña cidade, Santiago e Ferrol; en Pontevedra, en Pontevedra cidade e en Vigo; e en Ourense, en Ourense cidade e en Ribadavia. O que pasa é que a situación é tremendamente diferente en cada un deles.

Tamén cando os pacientes non teñen que pasar polo xinecólogo hai outros motivos de consulta, por exemplo esterilidade. Pode haber unha persoa que leve tempo intentando ter fillos e que non os ten, entón fáiselle a historia e derivase directamente ao Materno Infantil.

É tamén motivo de consulta no centro a anticoncepción de urxencia, é dicir, pílula do día despois ou pílula postcoital. Ou cando a muller quere interromper un embarazo ou cando vén facer a revisión aínda que non pasara previamente polo centro para interrompelo, pero a revisión si que lla facemos nós no centro.

A educación sexual

Alén das consultas sobre métodos anticonceptivos no centro tamén se trata a problemática sexual, ou a consulta psicolóxica de parella. Todas as problemáticas de parella, de carácter psicolóxico como sexual se atenden no centro. Falta de desexo sexual, anorgasmia, todo o que sexa dificultades para as parellas se poden consultar.

Nós na historia xa preguntamos se hai algún problema na parella,

O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto

se as relacións sexuais son satisfactorias, se teñen ou non desexo...Xa lles dicimos que non o preguntamos por curiosidade, senón para poder derivalos á consulta da psicóloga. Hai casos nos que hai dor na penetración, entón pasan primeiro ao xinecólogo para comprobar se hai algunha dificultade física, pode estar o hime sen romper, ou pode haber algunha infección, ou algunha cousa deste tipo, pero se non hai nada disto entón pasan coa psicóloga. Nalgúns casos hai que seguir unha terapia, noutros non. Exaculación precoz, calquera destas cousas....e ,ademais, fixédevos o importante que é isto que non hai ningunha consulta na Coruña que traten estas cousas, non podes ir a ningún outro sitio.

Os únicos lugares onde hai consultas sexuais é nos centros de planeamento familiar, non en todos, pero en concreto na Coruña si. Teoricamente deberían atendelo en Saúde Mental porque pode haber un problema se hai unha razón psicolóxica, pero pasan deste tema, non se implican. Pode darse o caso dalgunha persoa que estea nunha consulta psiquiátrica por outro tema e xurda que ten un problema deste tipo, pois dáse o caso de que lle atendan unha cousa si e a outra non, co cal para nós é moi difícil compaxinar unha cousa e outra, pero imos facendo o que podemos.

Nos primeiros momentos a xente non se atrevía a plantexar estas cousas, por suposto, sabían que tiñan problemas pero aguantaban con eles, “que lle imos facer”, “o caso é que el estea contento...”, pois mira non, ti tamén tes que estar contenta, a saúde sexual é tan importante como a outra, a túa sexualidade é para gozala, non é ningunha doenza, non é ningunha cousa que che apareza e que teñas que ocultala, é algo tan natural para nós que nos fai ser felices igual que outras cousas”...esa mentalidade aínda segue existindo, aínda estamos vendo as dificultades que se lles presenta á xente ao falar deste tema.

Houbo algúns casos en que a psicóloga ten feito terapias de grupo. Alén das terapias de parellas, tamén con grupos de mulleres, nas que se fala de moitísimas cousas. Agora rematou con

un grupo de mulleres e estaba intentando facer un grupo de rapaces, porque collen a información de onde a collen e seguen con falsas crenzas. E ter un grupo de rapaces a nós parécenos que é un tema de futuro, por iso a animamos. Non se pode facer máis que unha ao mesmo tempo, pero cando empece o curso empezarán por isto.

Estes son os motivos de consulta do centro. Nós atendemos á Coruña, Cambre, Carral, Oleiros e Sada. Fixemos unha sectorización cando se fixo o concerto coa Seguridade Social. Entón nós collemos Coruña e eses concellos, e o outro centro que antes estaba en Sanidade, logo pasou para o San Xosé, logo para o Abente e Lago, e neste momento está no Ventorrillo, este centro colle o resto do concellos da área sanitaria, desde Betanzos até Fisterra.

Nós temos os xoves pola tarde o que chamamos “A Tarde Xove” que é para menores de 20 anos. Ese día só poden acudir ao centro menores de 20 anos.

Como punto de encontro só para eles, porque senón polas mañás pódense atopar cos veciños, o pai, a nai...desta maneira teñen o seu espazo propio onde plantexan as súas dúbidas, asisten a charlas informativas e pasan consulta. A tarde dos xoves é expresamente para eles. Ás veces recibimos grupos, centros de educación especial, a unidade terapéutica de drogas, é dicir, diferentes colectivos. Nalgúns casos se algún colexio ou algún instituto está traballando algo de educación sexual, tamén veñen en grupo.

Cando empezamos atendíamos a xente que non era da Coruña, porque eu recordo ir á Costa da Morte, a Camariñas a dar charlas. Pero logo ao sectorizarse xa non volvemos.

Pero naquel momento si que o faciamos, até que chegou un momento en que nos dixemos que era absurdo porque íamos un día pero logo non se volvía, ou se volvía era pasado moito tempo, entón entendemos que quen o tiña que facer eran os

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

profesores. Ademais estaba no currículo escolar, na LOXSE estaba pero non se facía, nós asesorabamos aos profesores para que soberan como tiñan que facelo.

Nós iamos aos grupos, como Asociacións de Pais, Asociacións Xuvenís, ou colectivos en xeral. Foi unha etapa moi movida pero agora cada vez está diminuindo máis.

A Consellería de Educación creou unha equipa para preparar aos profesores para falar deste tema. Chámase o “Centro de Recursos”. Pero alí non hai libros, nin programas, nin absolutamente nada, é unha pena. Cando fixemos unha exposición sobre o tema intentamos ir alí para ver qué bibliografía tiñan e qué material, e viñemos absolutamente desolados...” como van asesorar a ninguén!”.

Traballouse tamén preparando materiais bibliográficos para poñer en marcha na escola unidades didácticas, etc. Isto debe facer sete ou oito anos que está preparado. A Consellería de Sanidade tiraba para adiante, mais a Consellería de Educación non foi capaz. Despois de estar os materiais preparados, de pagar non sei cantos cartos pola impresión, de preparar todo isto, non foi capaz de deixalo facer nos colexios. Ultimamente retomámolo, pero nin neste momento, nin no momento do bipartito foi quen Educación de asumilo, e estao asumindo Vicepresidencia, o Servizo Galego de Igualdade. Eles editaron, e grazas a eles estanse preparando todos os materiais e eu espero que sexa definitivamente. A Ana Luisa Bouza preguntábase non hai moito tempo se despois de todo este esforzo, porque hoxe hai moita desmotivación nos profesores porque van dar matemáticas, física, lingua, e nada máis...¿que estratexia había que seguir? E ela dicíanos que hai que seguir estando aí, seguir dando a vara, facilitando as cousas. Pero alguén ten que vir tomar o relevo, ten que vir a xuventude que non sei onde está, pero algo haberá que facer para ver se espabilan.

¿Para qué serve todo isto? Pois para que haxa métodos, publicacións, revistas...na casa non se fai, moi poucos pais falan disto

cos fillos. E nos colexios primeiro mandábase a ética, despois ás orientadoras, pero elas din que son orientadoras laborais e o demais xa lles é moito, entón eu neste momento son moi pesimista se analizo realmente a situación.

Os métodos anticonceptivos

A xente pregúntase por qué con tanta información que hai segue habendo abortos...pois porque os métodos fallan, ao 100% non temos nada, incluso a ligadura e a vasectomía ten unha pequenísima porcentaxe de fallos. Por certo que agora a ligadura faise moitísimo menos porque como está o implante moitas mulleres recorren a el, porque como sempre segue facilitándose a anticoncepción como responsabilidade das mulleres.

Diciamos que os métodos anticonceptivos non son seguros ao 100%, os métodos anticonceptivos non son accesíbeis, uns condóns custan de 6€ para arriba, pero que saibades que se van ao centro de planeamento familiar dámoslles os condóns de balde. Os métodos anticonceptivos e os centros de planeamento familiar non están accesíbeis ás zonas rurais nin a determinadas poboacións. A xente que teña que vir de Coristanco ou outros lugares moitas veces non ten como vir.

Cando atendiamos a xente de Camariñas, viñan de alí nun autobús ás 7 da mañá para estar aquí ás nove e facerlles todo no día porque nin se plantexaban o ter que volver. Pois isto segue pasando hoxe en día. De todos xeitos as prestacións non son as mesmas, na cidade da Coruña estamos os dous centros, pero non hai as mesmas prestacións nos dous centros. Os métodos anticonceptivos son os mesmos, pero non hai moito tempo que o xinecólogo do outro centro non estaba a poñelos porque segundo el despois estes implantes circulaban por todo o corpo.

Os implantes son simplemente unhas variñas que teñen hormonas, pónense no brazo e quedan aí no brazo. Pois el dicíalles ás mulleres, que estas variñas circulaban por todo o corpo. Todo era para non poñelos. Afortunadamente seguimos o tema e ani-

O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto

mamos a unha muller á que lle dixo iso para poñer a denuncia. Ela foi poñer a denuncia no Sergas e nós dixemos que non íamos atender a ninguén do outro centro, porque o Sergas dicíalle que fose ao outro centro e que xa llo poñían alí. Nós dixemos que diso nin falar, aquí hai que forzar a cousa. E efectivamente, conseguimos que o Sergas se mobilizara e obrigara a este xinecólogo a poñer os implantes. Tivo que prepararse e por fin agora está a poñer os implantes sen problemas.

Cos DIUS pasou outro tanto do mesmo. Hai DIUS que son de ouro e que non ten ningún sentido poñelos, pero este xinecólogo púñaos.

Nos diferentes centros tampouco teñen as mesmas consultas que nós. As que traballan igual que nós son a psicóloga e a traballadora social, pero o centro só ten un xinecólogo, non ten administrativo. Ten unha enfermeira que o único que fai é axudarlle ao xinecólogo, menos mal que agora conseguiron por traslado que viñera outra enfermeira que está facendo consulta: recibe á xente, infórmalle dos métodos....

Unha das señoras que presentou protesta foi porque na consulta xinecolóxica o home estaba cos cascos facendo consulta. A Culleredo tócalle ese señor, e moita xente de Culleredo protestou, pero non se fai nada ao respecto. Si a ese señor se lle dá por non poñer DIUS, ou por non consultar, ou por consultar de 10 a 11, eu creo que non pasa nada. Culleredo quixo entrar no noso centro pero non houbo maneira porque a sectorización estaba así. Pero moitas das mulleres que ían ao outro centro e protestaron, mandáronnolas a nós, cando isto é absurdo.

Nos outros centros, pois a cousa é similar. En Santiago hai unha xinecóloga que vai do Hospital de Santiago dúas ou tres horas ao día, hai unha psicóloga, non hai traballadora social, o auxiliar administrativo compártese, á xinecóloga non deriva ás mulleres que queren interromper o embarazo. En Ferrol pasa outro tanto, o psicólogo atende cando lle parece. Unhas cousas alucinantes.

En Pontevedra e Ourense ben. O de Ourense é un centro tamén da nosa época e hai un xinecólogo que traballa ben. Pero o resto dos centros moi mal. O de Lugo xa non sabemos que fai, hai un psicólogo e pouco máis.

Atención sanitaria en caso de aborto

Neste momento hai algúns temas como os casos do aborto doutra provincia que os estamos atendendo nós. Pero cando eran dous ou tres casos eu facía o esforzo e atendíaos, pero cada vez están chegando máis.

Tivemos que pedir outra traballadora social porque non se dá abasto, e a unha muller que chega con oito semanas non lle podes mandar esperar catro semanas, polo que para nós coller vacacións é moi difícil, porque no Concello da Coruña non se substitúen as vacacións. Todos estes problemas do día a día segue sendo unha batalla continua.

Dentro dos motivos da consulta, casos de abortos chegan uns cinco cada día. Cando pide a cita procuramos informala aínda que só sexa un minuto. Informámola de canto tempo está, o prazo que ten, que o cubre a Seguridade Social, que nos traia a tarxeta sanitaria e o carné de identidade, con isto á muller xa se lle quita o desasosego co que chega. Estes casos teñen prioridade.

Fáiselles a entrevista, a historia, e informáselles de que o aborto só está despenalizado en tres casos: no de violación, no de risco de malformación, e no caso de doenza grave física ou psíquica da muller. A maior parte non reúne ningún destes tres casos. Violacións igual nos chega unha ao ano como moito e normalmente solvéntase coa pílula do día seguinte.

Enfermidades físicas ou psíquicas danse bastante. Pero a maior parte dos casos dáse por situación económica ou porque non desexan ese embarazo. As condicións económicas inflúen moitísimo, e agora as mulleres non teñen un fillo só porque queda-

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

ran embarazadas. Se non o teñen planificado, se a muller non quere ese embarazo, aínda que el si que o queira, a muller non o ten. Moi poucos casos tiven entrevistas de presións até ese punto, segue habendo presións pero as mulleres teñen cada vez máis claro que non van aceptar esas presións.

Rompe a parella ou pasa o que teña que pasar, pero a muller que o ten claro, decídeo ela. Incluso nos casos en que chegan con dúbidas, solvéntanselles esas dúbidas e dáselles cita para o día seguinte para que veña coa decisión tomada.

Nese senso dámoslle toda a información, pero a parella é a que decide. Se hai algún problema aténdeos a psicóloga, pero se non aténdoa eu. Eu fago as historias, fago as entrevista de aborto e fago as entrevistas de ligaduras e vasectomías, os métodos que son definitivos nos que temos unha entrevista persoal na que nos din que están convencidos da decisión porque hoxe por hoxe é irreversible.

Nos casos de aborto se a muller o ten claro, tramitámoslle todo. Neste momento hai un convenio firmado na Coruña entre o Sergas e a clínica FAOS para tramitar todos os embarazos de menos de 12 semanas a través da Seguridade Social. Nós facemos todos os trámites e derivámola á clínica para facer unha valoración psicolóxica, que lla fai o psiquiatra que emite o informe. Evidentemente un embarazo non desexado afecta psicolóxicamente, polo tanto entran todos. Pero isto só pasa na Coruña, porque a xinecóloga de Ferrol e a de Betanzos non fan esa derivación. E iso que é tan sinxelo como dar un volante, pois non o dan, pensan que son eles os que firman o aborto e non o dan. Esas persoas teñen que estar fóra dun centro de planeamento familiar, ¿Qué papel están a facer aí?

En Ourense fan os abortos, pero en Lugo mándanos a clínicas particulares ou a Asturias. En Vigo non teñen un acordo como o da Coruña. Os outros directores provinciais das outras tres provincias non fixeron un acordo como o da Coruña, isto non é o habitual.

Polo que a nós estannos chegando mulleres de todos os sitios. Pero... ¿Qué pasa coas mulleres de máis de 12 semanas? En Galiza non hai ningunha clínica asegurada para máis de 12 semanas, e até 12 semanas hai esta da Coruña e dúas en Vigo que non teñen concerto coa Seguridade Social aínda que eu non sei por qué.

Entón ás mulleres que teñen informes fáiselles na Seguridade Social, pero ás mulleres que non teñan ese informe... van ás clínicas privadas en Madrid, ou Asturias, non hai outra maneira.

Nun principio no acordo figuraba que a clínica FAOS tiña que facer os informes tamén para máis de 12 semanas e facer eses abortos no Materno Infantil, pero como nese centro hai moitísimo Opus montouse o que non está nos escritos, entón FAOS só fai os informes para a xente que pode facer alí os abortos.

¿Qué pasa coa Seguridade Social? Pois así como un aborto nunha clínica privada son dúas horas, ás catro horas como máximo a muller está fóra. ¿Qué pasa no Materno Infantil? Pois que as mulleres ingresan hoxe e pónselles a expulsión, é dicir, é unha indución ao parto, co cal as mulleres están vivindo o proceso até que paren.

Aceléraselles, pero moitas veces as mulleres facían a expulsión no cuarto de baño ou na cama, algunhas soas. ¿Qué pasou? Que nós tiñamos unha serie de xinecólogos que se implicaban moito e entón as mulleres ían preguntando por ese xinecólogo, tiñan unha atención un pouco máis personalizada. Pero eles tamén quixeron normalizar a situación porque consideraban que esas mulleres que chegaban ao servizo era para realizar un aborto legal e por tanto tiña que ser atendidas. Efectivamente, nese sentido foi mellorando. Porque antes podían chegar a estar tres ou catro días ingresadas. Hoxe está moito mellor, pero seguimos batallando. Nós facemos un seguimento de todas as mulleres que van abortar, e chamámolas despois para ver como as trataron, canto tempo estiveron, etc.

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

A situación pódese mellorar, pero de momento isto é o que temos e é o que hai que manter.

Mandamos informes á Consellería de todo isto. Todo o mundo o sabe, pero así está. Con motivo da Lei de Atención á Muller empezaron a facer protocolo de distintos temas, de anticoncepción, de adolescencia, de enfermidades de transmisión sexual... distintos temas que van integrados todos na lei. Nós colaboramos no que nos compete pero co aviso de que se faga que se faga ben, porque senón non hai maneira de que isto saia para adiante.

O que se está tratando é que o planeamento familiar se faga nos centros de saúde, porque desta maneira si que chegaría a moitos barrios e a moitas aldeas e a moitos sitios. Non fai falla que haxa un xinecólogo, cunha enfermeira e cunha matrona que teña a consulta de partos poden existir esta consulta. De certo aquí nalgúns centros xa o fan coordinados connosco. Elas fan as charlas, elas fan as historias, elas consultan e só veñen aquí á revisión xinecolóxica. Estas son as condicións que estamos poñendo.

Métodos de aborto

En resumo, os métodos de aborto son:

Até as 12 semanas faise por aspiración. Aspiran nunha sonda o que ten a muller nese momento, que son células. Isto dura como moito dez minutos. Pódese facer con anestesia local co cal a dor é como a dunha regra normal, e se a muller quere dá-selle sedación. Logo vaise para a casa e fai vida normal. O único problema que pode haber é que se produza algunha infección que de momento non se deu. O proceso dura como moito hora e media.

Hai outro método que é a pílula abortiva que moita xente confunde coa do día despois. Non ten nada que ver, é a RU486, tense que dar no centro aínda que moita xente pense que a

pode ir mercar a unha farmacia, tomar e nada máis. Pero as mulleres teñen que cumprir unha serie de requisitos: que non sexan fumadoras, que non teñan máis de 35 anos, e que non sexan alérxicas a unha serie de medicamentos. Entón a muller vai á clínica e administráselle a RU. Unha porcentaxe moi pequena delas abortan inmediatamente, pero a maior parte teñen que volver ás 48 horas e agardar alí a expulsión. Hai unha porcentaxe na que non se produce a expulsión e hai que acabar facendo unha aspiración.

Ten que ir unha terceira vez para facer unha ecografía e ver se expulsou todo ou quedaron restos, se quedaron é cando hai que facer a aspiración. Polo tanto a maioría prefire a aspiración de principio.

Na clínica privada non informan a xente, polo que se as mulleres van directamente á clínica cóbranselles 650€ sen informarlles que se pode facer pola Seguridade Social.

Os abortos seguen aumentando. Mentres non exista na escola educación sexual, e na casa se fale normalmente destas cousas, os abortos van seguir aumentando.

Tamén hai mulleres que utilizan o aborto como método anticonceptivo. A miña obriga como traballadora social é atendela igual e dicirlle que eu vou facer todo o posible para que non teñan que volver con iso. E xa se lles dá a cita para que volvan ao mes seguinte facer a revisión, pero a maioría non volve, porque todas traballamos e non hai tempo co cal acabamos indo a un xinecólogo particular. pero hai que dicir que nas consultas privadas están dicindo que os DIUS teñen tres ou catro anos de vivencia, e con ese tempo cámbianllo. Pero na realidade non hai ningún que teña menos duración de cinco anos. Mentres no centro é un método gratuito, os centros privados cobran ata 300€.

Pola Seguridade Social entran os métodos dunha hormona soa, dos de dúas hormonas entra só unha pílula determinada. Pola

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

Seguridade Social entra o implante e o DIU.

Debate:

1ª- ¿Qué é o 'implante'? ¿Qué outros métodos anticonceptivos entran pola Seguridade Social?

O implante son dúas barriñas que teñen as hormonas dentro, e veñen nun aparato que xa trae a inxección. Ponse a anestesia local, introdúcese a agulla co implante, retírase a agulla e queda o implante posto. Os primeiros días pónselles unha venda e na primeira revisión, que é á semana, se está todo ben, quítase a venda e xa está.

Entra pola Seguridade Social, ten unha duración de cinco anos, e é dunha hormona soa. Vale co desconto da seguridade social uns 64€, dámoslle unha folla á muller que ten que levar a selar nunha farmacia. Coa receita a compra e xa está. Ten a mesma seguridade que a ligadura ou a vasectomía, polo que moitas mulleres a unha determinada idade, se non queren o DIU, utilizan isto. Pero pódese poñer dende os 18 anos. É moi cómodo porque durante cinco anos esqueceste de todo, de tomar a pílula, poñer o aro, ou calquera outra cousa.

Hai anticonceptivos hormonais de dúas hormonas: proxestáxeno e xestáxeno, e dunha soa hormona: a minipílula, a inxección trimestral, un DIU hormonal para aquelas mulleres que teñen un de cobre pero teñen moitas hemorragias, e hai o implante.

Os dunha soa hormona teñen menos contraindicacións. A pílula é a que se utiliza cando a muller está dando o peito e nesos primeiros momentos nos que non sabes cando che van empezar a funcionar os ovarios, pódese tomar.

Tamén se pode utilizar para as mulleres maiores de 35 anos que sexan fumadoras, se algunha non quere deixar de fumar pódeas utilizar.

Tamén xente nova utiliza a inxección trimestral que se pon o quinto día da regra e ata dentro de tres meses non hai que preocuparse.

Esta xente nova tamén utiliza a pílula de dúas hormonas, o anel vaxinal, o aro vaxinal que é un aro que ten hormonas, é un aro moi flexible, que se coloca na vaxina sen postura determinada. É o mesmo método que a pílula, colócase tres semanas e descánsase unha.

Os parches cámbianse cada semana. Son tres parches, un para cada semana e un de descanso. Nin os parches, nin o aro, nin a maioría das pílulas entran pola Seguridade Social.

Os prazos para abortar son 12 semanas. Por enfermidade da muller ou malformacións graves no feto son 22 semanas. Hai algúns casos de 23 semanas, sobrepasa o límite, pero se hai un médico que diga que corre perigo a súa vida, pódese facer. Houbo algún caso grave que si se fixo. Nestes casos foi nos que se meteron coa clínica Isadora. Se aquí non se fai, teñen que ir a París, logo podíase pedir a reintegración dos cartos, algo incomprendible.

2ª ¿Até que semana poden as clínicas facer abortos?

As clínicas poden facer abortos até as 12 semanas, e outras até as 22 semanas. Isto depende das condicións da clínica, porque até as 12 semanas pódese facer aspiración, pero a partir das 12 semanas hai que facer legrado polo que necesitan outro tipo de equipación.

3ª ¿Cal é a mellor metodoloxía, a mellor maneira de educar ás nenas e nenos sobre a súa sexualidade e afectividade emocional?

A mellor metodoloxía é responderlles a todas as preguntas desde pequenos. Se non se sabe, hai que dicirlles que o vas consultar e logo lles respostas.

O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto

4ª ¿É certo que a pílula do día despois ten efectos secundarios moi graves para a saúde da muller? ¿Ou é isto só unha lenda? ¿Están as mulleres a abusar dela e usándoa como método anticonceptivo habitual?

Coa pílula do día despois, efectivamente hai moita lenda, nós témolos no centro e danse pola mañá, pero tamén están nos Centros de Saúde e nos Centros de Atención Continuada. É obrigatorio dala, se hai algún médico que sexa obxector de conciencia o xefe de servizo ten que resolvelo pero a muller non pode marchar do centro sen que se lle sexa administrada. Estalle dicindo á xente que é unha bomba, que si se usa moitas veces deixa de facer efecto...todo isto son tolerías. É unha dose hormonal un pouco máis grande que si se tomase a pílula normal, e nada máis. A maior parte da xente vén cando a necesita pero nunca por sistema, pero os médicos están asustados e non se sabe por qué, non sabemos por qué se cuestiona isto e pola contra non se ten ningún problema en recetar antibióticos para todo.

Non se está abusando do tema. Rexístrase o número delas que se dá e non é alarmante.

A xente ten moi asumido o tema, normalmente as mulleres chegan antes das 72 horas, que pasadas estas horas está o DIU. Hai ata cinco días.

5ª ¿Cómo funciona a pílula post-coital?

A base da pílula é: o óvulo e o espermatozoide xúntanse nas trompas e o embarazo empeza cando o óvulo fecundado aniña na matriz, e hai un espazo de cinco días que é cando pode actuar a pílula postcoital. Pero a xente, normalmente, vén antes dese prazo.

O mesmo pasa co aborto, as mulleres veñen antes das 12 semanas, co cal a lei de prazos resolvería cantidade de abortos. A maior parte.

6ª ¿Cal é a relación do COF con a clínica FAOS?

Nós fomos falar un día coa directora do Sergas, Pilar Mata, unha muller moi decidida, e ela fixo as súas xestións, falou con FAOS, falou coa inspección, e nunha reunión entre a directora provincial, Segrelles (da clínica FAOS) José (o xinecólogo) e eu acordáronse as condicións e listo.

7ª ¿Qué pensa do posicionamento do goberno actual do Estado Español perante a demanda social e dos grupos feministas dunha lei de aborto?

As mulleres do PSOE non estamos de acordo con esta situación, pensamos que tiña que ir no programa electoral e tiña que facerse. Pero seguen téndolle medo á Igrexa, pero penso que neste mandato si que se vai facer.


O compromiso foi sacalo neste mandato electoral. A primeira vez que se intentou se non faltaran algúns dos señores deputados xa estaría aprobada.

Estas situacións producen que as mulleres que se mobilizan, pensen en desmobilizarse. Porque pelexas porque esta xente estea nos órganos decisivos e cando chegan a eles e recúan, decepcionan.

8ª ¿Continúanse a facer abortos ilegais?

Séguese facendo abortos ilegais, aínda que non nas mesmas condicións. Utilízase un medicamento que é un protector de estómago e que de vez en cando produce abortos. Está moi utilizado tanto na prostitución como noutros ámbitos.

O que non se fai é o do perexil, as agullas, etc...aínda que tamén segue habendo o de tirarse polas escadas embaixo.



*A situación constitucional
no Estado Español
Ana Aba Cotoira*

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

En primeiro lugar agradecer o amábel convite para estar hoxe aquí, diante deste foro, co mero obxectivo de expor diante de todos e todas vós unha serie de cuestións, algunhas máis polémicas ca outras, sobre a situación actual, a regulación actual do aborto en España partindo da regulación constitucional do dereito á vida e outros dereitos e liberdades que atinxen, como non, as mulleres.

As xornadas que estades celebrando, e en concreto tamén a de hoxe, enmárcanse, como ben dixo a moderadora, arredor dos actos que se celebran a raíz do 28 de maio en defensa dos dereitos, e en concreto, da saúde reprodutiva das mulleres.

Se miramos vinte anos atrás comprobamos como as reivindicacións ou demandas arredor do tema do aborto estaban viventes e se reivindicaban con forza.

Os tempos cambiaron, as demandas tamén cambiaron, pero séguese demandando, séguese reclamando, séguese reivindicando, porque todo non está feito no mundo dos dereitos e liberdades e máis concretamente no referente ao colectivo feminino.

Definir legalmente os dereitos das mulleres

Os dereitos das mulleres son dereitos máis desatendidos, menos garantidos que os dereitos dos homes. Basta por o exemplo clarísimo da violencia de xénero, da violencia machista.

As demandas neste senso, en pro dunha regulación do aborto, unha regulación que satisfaga os dereitos e reivindicacións femininas están aí, como digo, dende hai tempo.

As conferencias do Cairo, despois de Beijing en 1995, abordaron novas reivindicacións femininas no campo da saúde sexual, da saúde reprodutiva das mulleres, en base a que se solicitaba unha maior seguridade, unha maior cobertura, e un maior respecto á autodeterminación feminina, á autodeterminación sexual feminina.

Con isto quero por de manifesto que aínda que se conquistaron cousas, que comprobaremos cando faga un breve repaso pola situación preconstitucional, polas reivindicacións dos colectivos feministas nos primeiros anos da lexislatura xa democrática, e o que veu despois da Constitución, digo que aínda que se conseguiron cousas, as reivindicacións nunca se poden deixar, nunca se pode dar xa todo por feito. Vemos día tras día, a nivel mundial falo, que persisten altas taxas de mortalidade pola deficiente cobertura de prestacións sanitarias de saúde reprodutiva. Son moitísimas as mulleres que seguen morrendo día a día por prácticas abortivas. Seguimos comprobando os datos que nos poñen de manifesto que o Estado, ou os Estados, fallan como garantes de dereitos e liberdades.

O papel fundamental do Estado é o de garantir que se respecten e que se satisfagan, que se fagan efectivos, os dereitos dos homes e das mulleres, os dereitos das persoas. E vemos que o Estado falla e sobre todo nun tema como é o do que estamos a falar. Persiste a mala cobertura, persiste a mala calidade, falta o acceso en igualdade de condicións e polo tanto, prodúcense situacións discriminatorias na interrupción do embarazo e, por suposto, os escasos recursos destinados á anticoncepción como medida preventiva para evitar prácticas abortivas. Polo tanto, prevención, tratamento, en fin, todo isto pon enriba da mesa o papel deficitario do Estado, a falta de garantías.

E, por se isto fose pouco, vemos como saltan aos medios de comunicación, como de xeito periódico se producen campañas de persecución, e de penalización do aborto voluntario, do aborto legalmente realizado.

En todo caso concluiría dicindo (o que serve para poñer enriba da mesa un tema que ten outro alcance, un maior alcance) como as políticas públicas, en España concretamente que é o que nos atinxe, o que nos preocupa, carecen da necesaria perspectiva de xénero para abordar de xeito decidido, entre outros moitos temas, o da saúde reprodutiva das mulleres. Falta unha visión feminina ou unha visión completa desde o punto de

O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto

vista de xénero, ou como digo, das mulleres. En definitiva que o dereito segue sendo unha materia cun ámbito regulado ou creado dende o paradigma masculino ou dende o patriarcado, e este é un tema, que considero, no que se ve con certa claridade.

A loita polos dereitos das mulleres

A loita polos dereitos é unha loita histórica, unha loita de sempre, dende o século XII poderíamos dicir, contra o poder establecido. E neste sentido a loita polos dereitos das mulleres entendo que é unha loita fronte ao poder establecido polos homes, e por iso, non só dende os grupos feministas, senón dende toda a sociedade que se considere democrática ou implicada na efectividade dos dereitos de todas as persoas por igual debería ser un tema, o da realización dos dereitos das mulleres, o do respecto pola saúde reprodutiva, un tema que debería implicar, que debería preocupar a toda a sociedade porque de xeito directo ou de xeito indirecto é un tema que afecta a toda a sociedade no seu conxunto, o tema da reprodución, é evidente.

Digo ademais que é unha loita fronte ao poder establecido porque o poder establecido, o Estado neste caso, a través do poder legislativo é o único que pode recoñecer e garantir os dereitos. Os dereitos poden existir, pódense recoñecer, pódense declarar, pódense proclamar, pero se non hai unha lei, e máis concretamente, no caso dos dereitos fundamentais, se non se recoñecen e non se garanten na Constitución, os dereitos perden eficacia, os dereitos perden efectos, perden potencial á hora de se realizar. Perden garantías e, polo tanto, non os podemos esixir de xeito directo diante dos tribunais. E polo tanto, a lei ten que regular e ten que garantir os dereitos para que estes alcancen unha plena efectividade.

Nesta loita polos dereitos das mulleres, é de obriga facer unha mención, ou recordar o labor dos colectivos feministas. Nun traballo que vos aconsello, se tedes un anaquiño, que considero que é moi interesante, é no ámbito xurídico, no ámbito parlamentario, pero non deixa de ser interesante incluso como es-

tudo sociolóxico, é un libro que preparamos na rede feminista de dereito constitucional encargado polo goberno, polo actual, na anterior lexislatura, pero polo goberno socialista, e é un libro que fixemos como homenaxe ás primeiras mulleres parlamentarias, ás primeiras constituíntes, a aquelas mulleres deputadas e senadoras que redactaron a Constitución, que traballaron na Constitución. E nese libro recóllese, hai un apartado que ademais trata os temas de saúde, tema de sanidade, dereitos sociais para as mulleres, como reclamaban dereitos para as mulleres.

Se falamos agora no século XXI, nun mundo dominado polos homes aínda, pois nunha España recen saída da ditadura todos coñecemos cal era a situación sobre todo no que atinxe os dereitos das mulleres, e considero que mulleres que foron moi valentes e que souberon facerse ouvir nun foro absolutamente masculino e ademais absolutamente machista, pois ese libro é sobre a actividade das primeiras mulleres constituíntes, “As primeiras constituíntes” chámase concretamente, e na biblioteca da facultade de dereito hai exemplares, é un libro que reco-mendo, é bastante curioso e bastante entrañábel incluso, se mo permitides á hora de lelo.

Quero facer esta mención ao labor dos colectivos feministas e a estas primeiras mulleres parlamentarias, ás primeiras constituíntes. Dicar que no 1.978 se aprobou un proxecto de lei no que se modificaban determinados artigos do código penal que penalizaban: fabricar, vender, divulgar, ou facer propaganda de medicamentos, substancias, obxectos, instrumentos, aparatos, medios ou procedementos capaces de provocar ou facilitar o aborto, ou evitar a procreación.

Nos debates deste proxecto de lei o tema do aborto non se tocou, porque non se ía legislar no sentido de despenalizar condutas abortivas. Pero si se despenalizou o uso dos anticonceptivos, por iso traio este exemplo como primeiros pasos en pro ou en aras de conseguir que se despenalizasen, como no sistema actual indica, tres supostos de Interrupción Voluntaria do Embarazo.

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

O propósito do goberno ao facer este proxecto de lei era adecuar o que era a realidade española, perdón, adecuar a lei á realidade social, á realidade española. España saíra dunha ditadura, España estaba vivindo unha transición, estaba vivindo os primeiros momentos de aprobación dunha constitución, e a realidade social estaba cambiando. E neste sentido quero facer fincapé no labor, repito, das mulleres, dos grupos, dos colectivos feministas, que foron aboando o terreo para que no día de hoxe, en 2008, nos atopemos cunhas leis no terreo da igualdade, unhas leis sociais, que están loitando, ou ao menos apostan por rematar coa discriminación que sofren as mulleres, coa prevalencia ou superioridade do masculino sobre o feminino. E aínda que nos pareza que non, grazas a estes pasos que se deron xa no ano 1978 e incluso antes, coas modificacións do código civil, como o recoñecemento feminino, pero todos estes pequenos ou grandes pasos fan posíbel que as cousas estean a día de hoxe, cos seus puntos negros, ou puntos débiles, pero evidentemente moito máis avanzadas.

Falamos do ano 1978, dun código penal que non recoñecía, que castiga o aborto, por suposto, pero que tampouco recoñecía ningún tipo de atenuante para as mulleres, nin tan sequera contemplaba o perigo que pode correr a vida da nai, ou a saúde da nai. Nin sequera contemplaba a posibilidade de atenuar a pena para casos de malformación do feto. Nin sequera iso o prevía. Polo tanto nin o aborto terapéutico, nin o aborto euxenético, nin tampouco recoñecía o suposto de poder abortar sen sanción penal por casos de violación.

Falamos dun código penal que si recoñece que existe unha conduta que se denomina o “infanticidio honoris causa”, que é que hai unha atenuante na pena cando a muller, ou os pais, os avós maternos da criatura, a matan, para ocultar esa deshonra. A deshonra, a vergoña, o honor, pero nunca pensando na muller, senón nos propietarios desa muller, xa fosen pais, xa fose o home. Falamos que se castigaba con menor intensidade un infanticidio cometido para ocultar a deshonra, o deshonra, pero castigase máis se a muller aborta porque corre perigo a súa

vida, a súa saúde, porque foi violada e quedou embarazada, ou porque no feto existe un risco de malformacións graves. Esta era a situación nese momento.

A modo de dato, segundo recollía a memoria do fiscal do Tribunal Supremo no ano 1964, en España practicábanse naqueles momentos, falo de só uns cantos anos antes do 1978, uns 300.000 abortos clandestinos feitos nas peores condicións sanitarias. Feitos por afán de lucro, e que moitas veces acababan coa vida da muller embarazada. Falo de 300.000 nuns anos, no 1964, cunha política claramente pronatalista e en consecuencia as familias, evidentemente, tiñan moitos máis fillos que agora. Falamos dunha cifra, 300.000 abortos, que considero exemplifica que os abortos se cometían aínda non habendo unha lei, que para determinados sectores, “anima” ás mulleres a abortar.

Tamén, como pincelada, para que teñamos a visión do aborto neses tempos, como se argumentaba, como se xustificaba, a penalización, en relación con ese “infanticidio honoris causa”, como xustificaba o Tribunal Supremo a baixa pena do infanticidio en relación á maior sanción do aborto nos tres supostos que hoxe en día están despenalizados, dicía o Tribunal Supremo: “porque a inmoralidade e a repugnancia do delito (dío referíndose ao aborto) diminúen na mesma medida que crece o impulso natural do decoro que induce á acción criminal”. É dicir, de forma proporcional diminúe a penalidade ou a sanción, igual que aumenta ese impulso natural do varón de defender a súa honra.

¡Que palabras tan sonoras!

A Constitución do estado español

Nos anos previos ao 1978, atopámonos xa coa Constitución, que entra en vigor en decembro de 1978, polo tanto, falamos da España democrática, dun Estado social e democrático de dereito, un texto constitucional, que no seu título primeiro recoñece uns dereitos e liberdades en sentido moi amplo. É unha

O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto

constitución que se caracteriza porque ten un título, ou un catálogo de dereitos amplísimo, extensísimo. E que ademais, eses dereitos fundamentais, esas liberdades que se nos recoñecen a todas as persoas por igual, homes e mulleres, dende o punto de vista formal, despois a práctica demóstranos outra cousa á hora da realización e de garantir os dereitos. Ese conxunto de dereitos ven acompañado dun amplo sistema de protección. Polo tanto, a Constitución Española non só se caracteriza polo gran conxunto de dereitos que protexe, que recoñece, senón tamén porque os protexe ou garante fortemente. Hai moitas garantías a nivel normativo, xurisdiccional e incluso a nivel institucional, orgánico, como pode ser a figura do Defensor do Pobo, no caso autonómico do Valedor do Pobo. Son figuras ou institucións que garanten estes dereitos. E o artigo 15 da Constitución Española, recoñece o dereito á vida, o dereito á integridade. Inaugúrase este recoñecemento cunha expresión ambigua, consensuada no momento constituínte, que foi moi debatida e que é moi polémica porque permite ambigüidade, e entón permite varias interpretacións, diferentes concrecións que dependerán da vontade política, dependerá da opción ideolóxica da persoa que a interprete. Esta persoa é o lexislador, que cando elabora a norma é o primeiro intérprete porque nos explica o que quere dicir ese artigo. E despois os órganos xudiciais, cando teñen que aplicar a lei, para dicirnos o que quere dicir a lei. No último lugar o Tribunal Constitucional ten que interpretar a lei, pois é quen resolve dúbidas sobre o que quere dicir a lei ou o que debe dicir a lei para non ser contraria á Constitución, para resolver presuntas controversias, conflitos que se plantexan entre as demais normas que integran o ordenamento e a propia Constitución que é a norma superior. O cal significa que dentro do ordenamento xurídico ningunha norma, ningunha lei pode contradicir o que establece a Constitución. E para resolver isto existe un instrumento que é o recurso de inconstitucionalidade que é unha vía que teñen determinados suxeitos (o Presidente do Goberno, o Ministerio Fiscal, 50 deputados, 50 senadores, Comunidades Autónomas) que lle formulan esas dúbidas que se lle presentan sobre a constitucionalidade dunha lei. Formúlanllas ao Tribunal Constitucional para que diga se esa lei reco-

rrida viola ou non a Constitución. E iso foi o que pasou coa lei orgánica do ano 1985 que despenalizou tres supostos da IVE. É dicir, que modificou o código penal no que atinxe á regulación do aborto, que se castiga, é dicir, non legalizou o aborto, o aborto non é legal, o aborto é unha conduta antixurídica, segue a ser unha conduta antixurídica, o que pasa é que o lexislador considerou que había que introducir tres supostos no artigo. Di así o código penal que non se ía penalizar as mulleres que abortaran sempre e cando o fixeran cumprimentando o requisitos que compoñen os tres supostos ou as tres indicacións. Pero con isto, repito, non supón que o aborto sexa legal., non supón que haxa un dereito a abortar, só que hai tres supostos, tres indicacións que din que non se vai castigar, que non se vai sancionar penalmente; polo tanto despenalízase. E un grupo parlamentario integrante de Alianza Popular naquel momento formulou un recurso de anticonstitucionalidade perante do Tribunal Constitucional para que resolvese se eses tres supostos de despenalización vulneraban ou non o que establece a Constitución no referente ao artigo 15 no que se recoñece o dereito á vida. E o groso da argumentación vai xirar ao redor do termo todos, e é aí a onde quería ir. Porque o termo todos, como termo ambiguo, o que se discute é se todos significa que todos teñen dereito á vida, e incluímos as persoas xa nadas, ou as que aínda están en proceso de formación, é dicir, ao feto, e polo tanto ao non nato, ou ao que está por nacer. Evidentemente estamos diante dunha cuestión xurídica, pero que se mestura con cuestións relixiosas, con cuestións filosóficas, éticas ou morais. O aborto, nestes casos de despenalización, nestes casos conflictivos, nestes casos difíciles; igual que no dereito a unha morte digna, o dereito a decidir a eutanasia, igual que nos tratamentos con células nai, é dicir, hai unha serie de implicacións relixiosas que se están mesturando co ámbito xurídico, aínda que así non debería ser. Porque o relixioso, é dicir, eu, por motivos éticos, por motivos relixiosos, estou en contra do aborto, pois paréceme perfecto, vostede está en contra da despenalización da interrupción voluntaria do embarazo, pero o mundo xurídico, o mundo do dereito ten que dar unha resposta a unha realidade, e as cousas hai que regularas. Vostede

O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto

estaré ou non conforme, pero unha cousa é a vida privada, unha cousa son as opcións privadas e outra cousa é a vida pública.

E o Estado é unha cousa e a sociedade co seu funcionamento conforme a parámetros relixiosos ou privados, é outra cousa. Cada un autodeterminase, ou vive conforme á súa ideoloxía, á súa relixión, ás súas ideas, pero o Estado aconfesional, que nos di a Constitución no seu artigo 16 que o Estado é aconfesional, non pode actuar seguindo criterios relixiosos. O mundo xurídico é outra cousa.

“artigo 15 di:” Todos teñen dereito á vida, integridade física ou moral, sen que en ningún caso poidan ser sometidos a torturas, nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. Queda abolida a pena de morte, salvo o que poidan dispor as leis penais militares para tempo de guerra”.

Esta última apostila do artigo 15 é como non tela, porque no código penal militar quedou abolida. O que pasa é que non se reformou a Constitución para suprimilo, pero aboliuse incluso para tempos de guerra no código penal militar.

A vida no sentido xurídico

A vida, ¿que é a vida? Dende o punto de vista xurídico ¿Que é a vida? ¿Como conceptúa a vida o constituínte? A Constitución non nos di nada, a Constitución di que todos teñen dereito á vida. Entón iso ténnolo que dicir o máximo intérprete da Constitución, o Tribunal Constitucional. E fíxoo a raíz dese recurso de inconstitucionalidade que se lle formulou, cando se lle pediu que decidise se eses tres supostos de despenalización do aborto: o euxenético, terapéutico e o ético, violaba ou non o previsto no artigo 15.

O Tribunal Constitucional resolveu dicindo que eses tres supostos de despenalización eran conformes á Constitución, pero no seu fallo entendeu que non era conforme como o fixera o lexislador e fíxolle unha serie de recomendacións, onde non nos

imos meter porque fala de cuestións interpretativas, creativas, e iso excede o tema que nos ocupa.

O Tribunal Constitucional para acabar concluíndo que eses tres supostos non eran contrarios á Constitución, polo tanto eses tres supostos nos que a muller aborta, están xustificadas pola constitución, vai facer unha construción da vida. E o Tribunal Constitucional o primeiro que nos di, aínda que non é o primeiro, pero por abreviar, nos di que “a vida é un ben constitucionalmente protexido”, polo tanto a vida, para o Tribunal Constitucional, goza de protección sempre. E o Tribunal Constitucional dinos tamén que “a vida é un valor superior do ordenamento”. E ademais dinos que, aparte de ser un valor superior do ordenamento, a vida é un punto de partida para todos os demais dereitos.

Di o Tribunal Constitucional que é un presuposto, é dicir, sen vida non pode vir nada despois. Se non protexemos a vida, se non protexemos o nacemento de persoas, non podemos seguir falando de dereitos. Para que haxa un dereito á liberdade, á protección do honor, á propia imaxe, ten que haber unha persoa con vida, un ser vivo, que é o único susceptíbel de ser titular de dereitos. Pero vai diferenciar quen son titulares de dereito á vida e o que é vida como ben ou valor xuridicamente protexido, constitucionalmente protexido.

A primeira afirmación contundente do Tribunal Constitucional é que cando se di que todos teñen dereito á vida refírese ás persoas xa nadas. Polo tanto, titulares de dereito, dende o punto de vista xurídico, e recalco isto porque é importante discernir, titulares de dereito dende o punto de vista xurídico no referente aos dereitos e liberdades só o son as persoas xa nadas.

Polo tanto a vida en formación claro que ten protección, como non vai ter protección a vida humana, tena en todos os momentos. Tal e como está a lei, tena dende a xestación, dende que é embrión. Miremos a lei que miremos, miremos a lei do aborto, a lei de reprodución asistida, miremos o tratamento con

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

células nai, a vida sempre ten protección. Non é descoñecida en ningún momento da súa evolución para o dereito.

O que pasa é que a vida alcanza a súa máxima protección cando o ser que estaba en formación, que se estaba xestando, adquire xa unha independencia. Adquire, dende o punto de vista do dereito, tal e como di o Código Civil, forma humana e é susceptible de vivir independentemente do seno materno. Polo tanto, seguindo isto, o Tribunal Constitucional tamén vai graduar o nivel de protección. A medida que a vida en xestación vai progresando, a medida que o embarazo vai evolucionando, a protección vai aumentando. E polo tanto tamén, como veremos na despenalización, salvo no aborto terapéutico, nas outras dúas indicacións hai un prazo para abortar. Incluso no sistema de prazos, que moita xente que fala dende o descoñecemento, ou desinterese polo tema, incluso no sistema de prazos que pode ser máis respectuoso ou máis acorde dende o punto de vista da muller, coa liberdade da muller para autodeterminarse. Incluso neste sistema hai un prazo, que coincide normalmente co primeiro trimestre do embarazo no que non hai que alegar ningunha xustificación, ningún motivo médico, a muller é libre nese prazo para interromper o seu embarazo.

Polo tanto a vida, a medida que evoluciona, o Estado protéxela máis. E non podía ser doutra forma en base á construción que fai o Tribunal Constitucional da vida, ou á interpretación que fai na súa xurisprudencia.

Polo tanto atopámonos con que o dereito á vida recóllese só para persoas xa nadas, sendo o momento do nacemento, o momento do nacemento, o momento relevante, o momento a partir do cal podemos falar de titular de dereitos. Falamos dunha persoa xa nacida. Todo o que houbo antes é vida protexida, pero como valor superior ou como ben constitucionalmente protexido, sen poder falar, en ningún caso, dende o punto de vista xurídico de titular do dereito.

O proceso de regulamento da despenalización do aborto

Diciamos que falar do aborto sitúanos diante dun dos temas máis polémicos social e politicamente. Un tema dos máis conflictivos e dende o punto de vista xurídico, un dos temas máis controvertidos á hora de resolver. Porque incluso os intérpretes xurídicos non se poñen de acordo. Non se poñen de acordo porque interpretan de xeito distinto a titularidade do dereito, nese termo todos e incluso na protección nos diferentes niveis.

E se pensamos nas características da sociedade española cunha tradición católica forte, e co peso que ten a Igrexa Católica na nosa sociedade, pois iso tamén pesa e ten moito que ver na concepción e no xeito de abordar a regulación ou a problemática en torno ao aborto.

Isto sería, a groso modo, a interpretación que fai o Tribunal Constitucional do dereito á vida para abordar despois a xustificación dos tres supostos que se despenalizan no ano 1978.

No caso do aborto terapéutico, que é o primeiro suposto, a primeira indicación é cando o embarazo supón un grave risco para a vida ou a saúde da muller embarazada. Neste caso prodúcese un conflito entre os dereitos da muller embarazada, dereitos dos máis ligados coa dignidade da persoa. Falamos do dereito á vida, dereito á saúde, dereito á integridade. Falamos da dignidade, da liberdade. Incluso falamos de non discriminación da muller respecto ao home, no poder decidir no tema do embarazo que a quen afecta directamente é á muller que é a que está embarazada.

Neste caso, dicía, o conflito formúlase cando na balanza, por un lado están os dereitos fundamentais da muller e por outro lado non hai dereitos. Non hai o dereito á vida do non nato. Está a vida como valor ou como ben xuridicamente protexido. Polo tanto a balanza non se pode inclinar máis que ao carón dos dereitos fundamentais no que respecta á integridade da saúde física ou psíquica da nai (con todo o que isto conleva). Pero

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

neste caso a balanza do Tribunal Constitucional está clara. No caso de que perigue a vida da muller, neste caso esta muller pode interromper o embarazo sen medo a unha sanción penal. Hai que acreditar unha serie de requisitos: o ditame médico, o consentimento, porque falamos de aborto consentido, o ditame médico por un profesional público ou privado que cumpra todos os requisitos e, por suposto, ditame practicado por un equipo médico, evidentemente. E aquí o prazo non existe. Pode facerse en calquera momento do embarazo, aínda que sexa un embarazo moi avanzado. Se o que periga é a vida da muller, ou grave risco para a súa saúde, neste caso non se establece un prazo.

No segundo caso, o aborto ético, é cando o embarazo é produto dunha violación, dun delito do máis reprobábel e que merece sanción penal. Pedir que se continúe con ese embarazo é unha conduta inesixíbel. Neste caso, se a muller decide interromper o embarazo, despenálizase sempre e cando a muller presentase denuncia desa violación, e hai un prazo das 12 primeiras semanas.

E o terceiro caso, o aborto euxenético, é cando o feto sofre grave risco de malformacións, de taras físicas ou psíquicas. Neste caso os requisitos son dous ditames de médicos especialistas, interrupción nun centro médico público ou privado e por persoal médico, e aquí o prazo son 22 semanas.

Nese terceiro caso, así como tamén no primeiro, na práctica, o problema fórmulase co persoal médico polo tema da obxeción. Hai que ter en conta que ás veces a problemática fórmulase xa moi avanzado o embarazo, moi tardiamente. Entón inténtase meter este caso dentro do primeiro, é dicir, o embarazo é un grave risco para a saúde psíquica da muller embarazada, porque a muller ve que ese bebé que vai nacer, vai nacer mal. Hai médicos que non queren recorrer a este método porque consideran que hai un fraude de lei. É un tema que quedaría resolto nun sistema de prazos.

Neste caso tamén o Tribunal Constitucional considerou inesixíbel para a muller embarazada o continuar cun embarazo deste tipo.

Polo tanto, o Tribunal Constitucional o que fai é admitir a lexitimidade constitucional destes tres supostos e, polo tanto, despenálizalos. Pero só nestes tres supostos. En todos os demais casos, o aborto consentido, o aborto voluntario, continúa penado, continúa sendo castigado, continúa sendo delito. Polo tanto non hai ningún dereito a abortar, nin ningún aborto legal en España. Hai tres supostos que están despenalizados que é unha cousa ben distinta.

Alternativas á despenalización no sistema xurídico español

Se lemos a sentenza 53/85 que é a que resolve o recurso de inconstitucionalidade da lei 85 de despenalización do aborto, hai que sinalar que, ao meu xuízo, que aínda está aberta a cuestión de, se tal e como redactou o Tribunal Constitucional daquel momento esta sentenza, se podería admitir ou non a lexitimidade constitucional dunha ampliación dos tres supostos de despenalización. É dicir, poderíase volver a modificar a lei penal do código penal, a través dunha lei orgánica que despenalizase outro suposto, ou outros dous supostos.

É dicir, ¿sería lexítimo ou lexitimábel, dende o punto de vista constitucional, tal e como construíu o Tribunal Constitucional a súa argumentación sobre o dereito á vida?. Hai indicacións, como a indicación social, que por estado de necesidade, aparte desa angustia, dunha angustia económica que pode producir na muller embarazada, intentouse, como xa sabemos. ¿Ou incluso, tal e como redactou o Tribunal Constitucional a sentenza 53/85, é posíbel introducir a través da lei un sistema de prazos?. E falo do sistema de prazos porque é o que está no debate social e no debate político. E sería a impunidade de todo aquel aborto consentido que se produza dentro das 12 primeiras semanas de xestación sen ter que presentar ningunha alegación, ningunha causa das que falamos antes. Senón dun prazo

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

para facelo libremente e que non estivese penalizado. E incluso hai un sistema mixto que nace dunha combinación dos anteriores.

En relación a esta primeira opción que eu formulei, houbo un proxecto de lei orgánica de lei de interrupción do embarazo nunha das lexislaturas que optaba por introducir unha cláusula xeral que era a de necesidade, isto implicaba unha despenalización máis ampla, pero non saíu adiante. O que deixaba era nas mans da muller a decisión final, é dicir, non hai unha intervención médica coma agora.

Na primeira indicación, no aborto terapéutico, díxalles que a decisión recae realmente no médico que ten que certificar poñamos un prazo, 12 semanas, aí o que ten que facer o médico é un certificado cumprindo os requisitos legais, pero non terá que decidir si se dá o suposto para poder interromper o embarazo, iso, baixo o meu punto de vista é moito máis respectuoso coa liberdade da muller para tomar a decisión, ou para autodeterminación feminina.

O cambio político no 1996 xa nin o formulou. Fracasou. E fracasaron todas as iniciativas que, dende a esquerda, se propuxeron. Era inviábel co goberno.

Hai outras indicacións, en España rexeitouse a cuarta indicación, a económica social, que permitiría abortar nos tres primeiros meses por situación precaria económica da muller.

Hai outras indicacións, que si existen noutros ordenamentos: a contraceptiva, que é por fallo do método anticonceptivo, ou a de situación xeral de necesidade, que é tamén dentro do primeiro trimestre, cando por circunstancias da vida da muller non sexa esixíbel continuar con esta xestación.

Outras indicacións máis recentes son a da adolescencia, penso que en Hong Kong, a da angustia pola falta da vivencia como en Hungría, a da angustia, a idade maternal ou a multiparidade

ou padecer a SIDA. Estas son indicacións que en distintos ordenamentos se introduciron dentro do sistema de indicacións de supostos despenalizados.

Para min o maior interrogante fórmulase coa hipotética lei de prazos. E dígoos en base ao que eu coñezo do Tribunal Constitucional, en base ao que dixon o Tribunal Constitucional na sentenza 53/85 que é o que a min me fai dudar de que o sistema de prazos é viábel no sentido de ter cabida dentro da constitución tal e como interpretou o Tribunal Constitucional o artigo. Dígoos pola interpretación abstracta que fixo o Tribunal Constitucional da vida como valor supremo do ordenamento xurídico constitucional, no fundamento xurídico terceiro da sentenza 53/85. Di nesta sentenza que é un valor superior do ordenamento, que é un valor fundamental, no fundamento xurídico quinto, ou un valor central, que tamén o denomina así no fundamento xurídico noveno.

En contraposición eu dígoos que, no artigo 1.1 da constitución, onde se consideran os valores superiores do ordenamento, a vida non aparece. A constitución non xerarquiza entre valores, e o Tribunal Constitucional si que o fixo, porque dixon que a vida era un valor superior do ordenamento.

O artigo 1.1 non xerarquiza dentro dos valores do ordenamento, dinos cales son, pero non di que ningún é fundamental nin superior. Dinos que superiores son: a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político. A vida non aparece, pero si aparece a liberdade.

O dereito a decidir

E o terceiro elemento que eu traería a colación é a liberdade da muller embarazada como valor, pero como dereito fundamental, e a vida non nacida, a vida en xestación, non é un dereito fundamental, en tanto que o non nato non ten dereitos, non é titular de dereitos segundo a Constitución. Entón entendo que a balanza, eu teño claro cara a onde debería ir, pero como o

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

Tribunal Constitucional xerarquizou, priorizou os valores superiores, ordenounos. E considerou a vida como un valor superior, cando a Constitución non o di, pero el si que o interpreta e dinos que é un valor central, presuposto de todos os demais. Entendo que aí hai unha interpretación que se inclina por non dar cabida a un sistema de prazos.

O certo é que a actual regulación, tal e como está a lexislación, o código penal en relación à Interrupción Voluntaria do Embarazo, ten xa máis de 20 anos e o que permite cuestionarse é se a sociedade actual pide máis, chégalle o que ten, ou se o que hai chega para regular a realidade, ou cobre as situacións que se dan na realidade. É dicir, si se pode garantir, a través desta lexislación que temos, o dereito das mulleres à saúde reprodutiva, o dereito das mulleres a decidir sobre o seu embarazo ou sobre a súa maternidade.

O debate, como ben sabemos, reabriuse, unha vez máis, na pasada campaña electoral. Pero tamén sabemos que houbo un anuncio, pero que despois retirouse, e polo tanto, a vontade política non sei ata cando, ata onde pode chegar. Dende o sector feminista do Goberno si que hai unha vontade de abordalo, pero non sabemos, como noutros temas, ata onde se lles deixará chegar.

Un tema que me leva a ser negativa neste senso é o das intervencións das forzas de seguridade do Estado contra a suposta rede de supostas ilegalidades. Esa investigación de que se cometían abortos ilegais. Non se iso propiciou o anuncio, ou se vai influír en sentido inverso e vai botar para atrás. Parece que se reavivou o movemento en contra do aborto, incluso do aborto legal, en contra das clínicas legais. O debate quedou aberto ao redor desa lei de prazos

O PSOE parece que se nega a aprobar unha lei de prazos como tiña anunciado. Introduciuse unha nova emenda no programa electoral na que se fala de garantir a seguridade xurídica para os médicos e as mulleres, sobre todo despois destes ataques ás clí-


nicas. Ademais falouse de asegurar a igualdade por comunidades que hoxe é moi diferente. A Comunidade de Madrid é un verdadeiro desastre. Isto depende dos Gobernos de cada unha, ademais sabemos como está o tema da Seguridade Social en cuestión da obxección médica.

O tema de eutanasia, que é tamén un tema relacionado coa vida, tamén se lle deu marcha atrás. Hai un xiro ao centro que os afasta dos que estamos cerca da esquerda.

Por último, incidir en que o tema de prazos en ningún caso legaliza o dereito ao aborto senón que deixa de castigalo penalmente no caso de determinados supostos. Tamén creo que esta lei de prazos na balanza inclínase cara ao lado que se ten que inclinar, no lado dos dereitos fundamentais das mulleres afectadas, e sen deixar de protexer a vida do non nacido porque o Estado non deixa de protexela. Simplemente que en determinados supostos cede porque ten maior peso, maior protección constitucional, os dereitos da muller. Pero non significa que se desprotexa, porque desprotexer os dereitos do non nacido, si se quere ver así, sería introducir un aborto libre. Neste caso a vida do non nato non se protexe en ningún suposto porque se permitiría abortar sempre, en calquera circunstancia e en calquera momento. Pero o sistema de prazos non permite iso, legaliza un prazo no que é posíbel interromper o embarazo sen penalización.

*Alternativas legales á despenalización
do aborto*

Luz Puente Aba



O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

Moitas grazas. Boa tarde a todas e a todos. E tamén agradezo o convite para poder estar aquí hoxe, falando deste tema que considero que é moi importante e que está moi candente no debate político. Un tema que tamén saltou aos medios de comunicación polos casos que xa vimos nestas clínicas de Madrid e de Barcelona.

O meu cometido vai ser expoñer como se está regulando o tema do aborto noutras lexislacións principalmente en Europa.

Sistemas vixentes de regularización do aborto

Quedou clarísimo como está a situación en España, cales son os fundamentos no que se sustenta a regulación do aborto en España en base à sentenza do Tribunal Constitucional, e xa vimos que aquí hai tres supostos constitucionais nos cales se regula a despenalización do aborto.

Eu voume centrar en como está o tema noutros ordenamentos, noutros países do noso contorno.

Xa vimos sobre os sistemas básicos, partimos de que o aborto é unha conduta ilegal, que se castiga, que é puníbel, pero hai algúns supostos nos cales se despenaliza a realización dun aborto. Basicamente hai dous sistemas:

o sistema de prazos e o sistema de indicacións.

O lexislador pode escoller indicacións, é dicir, circunstancias illadas, nas cales decide que nese momento o aborto non se castiga. Ou o que pode facer é fixar un prazo “X”, e dentro dese prazo o aborto non se castigará en ningunha situación.

Entón imos ver o que fan os países do noso contorno, e como veremos fan todos unha mestura, incluso, de ambos sistemas, do de prazos e do de indicacións.

Outra cousa que quería sinalar é que ás veces ao ver como está o

tema noutros regulamentos, realmente non nos pode levar a saber, de xeito efectivo, como está funcionando a penalización e despenalización do aborto nese país porque o aborto é un tema no que o que di a lei moitas veces non se acompasa co que está a pasar na realidade.

O aborto no código penal

Vou comparar a situación, o que pasa en España co que pasa no noso país veciño que é Portugal, Sabemos que aquí en España hai tres supostos nos que se despenaliza o aborto, que son:

a indicación ética, a indicación terapéutica e a indicación eusxenética.

A situación legal aquí é moi curiosa porque cando se aprobou o código penal que temos hoxe en día que é do ano 1.995, os casos nos que se despenaliza o aborto non están recollidos neste código penal de 1.995, senón que se deixou vixente un artigo do código penal de 1.973 que é o código derogado. É dicir, que o noso código penal castiga o aborto e dirixese a un artigo do código anterior para dicir en que casos non se penaliza o aborto. Isto é moi curioso porque o que demostra é que o lexislador, nese momento en que fixo o código novo, non se quixo meter a debater o aborto. E é rechamante porque, por exemplo, si que se meteu co tema da eutanasia. O tema da eutanasia aparece no noso código penal de 1.995 e o lexislador atreveuse a facelo. Fíxoo mellor, fíxoo peor, para ben ou para mal, pero meteuno no noso código penal. En troques, nese momento, no ano 1.995 o lexislador non se atreveu a facer o mesmo co tema do aborto e o que fixo foi castigalo e deixar vixente os tres casos de despenalización que había na lexislación anterior, no código vello.

Entón, como xa se comentou, houbo algúns proxectos para ampliar a despenalización do aborto, debateuse pero nunca chegou a cristalizar nunha reforma, de feito hoxe en día os casos de despenalización do aborto continúan nun código derogado.

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

Mais, ¿por qué, dende 1.995, non se suscitou noutras ocasións, incluso ata hoxe un debate realmente profundo sobre o aborto? Porque realmente, e como teño escoitado noutras mesas en que incluso había médicos que si os practicaban, a sociedade tññase autorregulado no sentido de que a maioría dos supostos nos que se practicaba o aborto ían pola vía de perigo para a saúde psíquica.

¿Quere isto dicir que España é moi represora e que non se produce ningún aborto?, Pois si que se producen pero para entrar dentro dos casos de despenalización do aborto o que se alega é un perigo para a saúde psíquica da muller. Así ven funcionando. Digamos que é como unha autorregulación, é un consenso social, non de todas as capas sociais evidentemente, pero si un consenso social que non se equipara como está a lexislación.

Da despenalización à legalización: o caso de Portugal

Entón, ¿que problema formula isto? Pois un tema moi importante de seguridade xurídica. Porque pode ocorrer, precisamente, o que ocorreu en Portugal.

É dicir, a regulación do aborto en Portugal era practicamente idéntica á nosa, nos tres supostos que acabamos de ouvir. Pero o que pasaba en Portugal era que os médicos si que eran moito máis restritivos á hora de apreciar un perigo para a saúde psíquica da muller. O que provocaba non era que non houbera abortos en Portugal, senón que si os había pero ían pola vía clandestina ou pola vía de viaxar a outro país, por exemplo a España.

¿Qué pasou? Que nos poucos casos nos que se practicaba o aborto alegando o tema da saúde psíquica da muller empezáronse a investigar algúns casos, na zona de Porto. Empezáronse a investigar polos xuíces e a abrir dilixencias penais. Pasou que foi aí cando se abriu o debate de que se quería facer realmente co tema do aborto.

De feito houbo hai uns anos en Portugal un referendo para saber si se querían ampliar os supostos de despenalización da lei do aborto e gañou o non. E o ano pasado, no 2.007, volveuse facer outro referendo. Ese referendo non chegou a ser vinculante porque houbo unha gran abstención, e por tanto non foi vinculante para o poder lexislativo. Pero a pesar de que houbo unha gran abstención e non era vinculante, neste caso gañou o si. Entón decidiuse que, aparte dos tres supostos que xa existían e que eran similares aos nosos, se abrise un outro suposto que era un prazo. Entón decidiuse que nas 10 primeiras semanas de xestación o aborto fose libre por decisión da muller.

Por isto digo que aquí, en España, se algún xuíz decide iniciar investigacións, chegamos á mesma situación, porque realmente están indo pola vía legal do perigo para a saúde psíquica supostos nos que se busca un subterfuxio para realizar abortos. En Portugal agora gañou seguridade xurídica nese sentido, porque se abriu un prazo no que non hai que probar nin perigo para a saúde física, nin psíquica, nin perigo de taras para o feto, nin nada en absoluto.

¿Está xustificada ou non a existencia deste prazo? Realmente non é que a vida en formación non mereza protección, o que ocorre é que se pon nunha balanza o dereito do embrión e noutra balanza os dereitos da muller. Facendo esa ponderación o que se entende é que nas fases iniciais do embarazo, cando se está iniciando esa vida en formación, nese momento o lexislador decide conceder preponderancia aos dereitos fundamentais da muller, que sería a súa liberdade, a súa intimidade, a súa dignidade e darlle unha prioridade e establecer que nese prazo priman de xeito absoluto os dereitos da muller por riba dese valor da vida en formación. Iso é o que subxace no sistema de prazos.

A partir dese prazo, 10 semanas en Portugal, noutros moitos países é de 12, a vida en formación vai collendo maior relevancia, a partir de aí, castíganse os atentados á vida en formación.

O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto

O aborto no código de Saúde Pública: Francia

Agora imos ir a Francia. ¿Como está a regulación do aborto en Francia?

Nesta regulación que data dos anos 70, nótase como o lexislador deu preponderancia aos dereitos da muller sobre todo nas etapas iniciais do embarazo.

De feito se consideramos a regulación do dereito en Francia vemos como ademais de dar preponderancia en determinados momentos do embarazo, na vida en formación, tamén incide en protexer o dereito à información, os dereitos da muller precisamente de liberdade, dignidade, identidade e de poder practicar un aborto nestas circunstancias.

Se imos ao código penal en Francia, realmente imos ver que só hai un único caso no que se castiga o aborto como delito, e castígase sobre a persoa que realice unha interrupción do embarazo sen o consentimento da muller. Realmente é o único que di o código penal francés en relación co aborto.

O que se castiga en Francia é o caso máis grave de aborto. Non só porque se ataca a vida en formación, senón porque se ataca a liberdade da muller ao producirille un aborto sen o seu consentimento.

Isto non quere dicir que non se regule o aborto, senón que se regula pero non no código penal, senón nun código que se chama “código de saúde pública” no que se regulan todos os temas de saúde, todos os temas médicos, establecementos sanitarios, e que no seu artigo primeiro regula que se pode practicar o aborto nos seguintes supostos, combinando o sistema de prazos absoluto co sistema de indicación.

Establece un prazo que é o das 12 primeiras semanas de xestación. Neste prazo podemos dicir que o aborto é absolutamente libre por decisión da embarazada, porque recolle que se pode

realizar o aborto se a embarazada sofre angustia ou desamparo. Pero non hai ningún control médico.

Logo está o aborto terapéutico que recolle dous supostos de aborto legal, que son:

Casos de perigo para a saúde física ou psíquica da nai
Probabilidade de que o feto nazza cunha afección grave.

Nestes dous casos non hai ningún prazo.

É importante tamén mencionar que en Francia tamén se regulan sistemas de asesoramento e información á muller.

Cando a muller quere facer uso do seu dereito a abortar nesas 12 primeiras semanas de xestación, recóllese no código que vai haber unha información ou asesoramento previo. Para que decida informada. E, de feito, o propio código de saúde pública vai castigar tamén como delito o feito de que non se realice un aborto con todos os requisitos que a lei prevé, omitindo esa información á muller embarazada, e tamén se castiga o feito de poñer trabas á muller embarazada para que realice un aborto legal.

Este regulamento é máis sensíbel coa liberdade e dignidade da muller. Vanse configurar uns sistemas nos cales o aborto non vai ser puníbel e vanse reforzar outros nos que a muller vai poder realizar o seu dereito. De feito vai ser delito poñer trabas á realización dun aborto legal.

Outros sistemas de legalización do aborto: Alemaña, Italia, Reino Unido e Estados Unidos.

En Alemaña o sistema é semellante ao francés.

En Alemaña régúlase todo, integramente, no código penal e tamén se parte dun castigo xeral do aborto, e establécense tres supostos nos que vai ser absolutamente legal. É similar ao francés tamén en que se pon un prazo de 12 semanas no cal a mu-

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

lles embarazada pode abortar se así o decide. Tamén é similar en que hai que dar asesoramento previo. Hai que darlle toda a información de todas as alternativas que pode ter incluso alternativas ao aborto.

Tamén se lle permite abortar por risco da saúde física ou psicolóxica da nai.

É curioso, tanto no código penal español, como no código penal alemán, que no caso de realización de abortos ilegais, vaise castigar tanto o médico ou persoa que realiza o aborto, como a muller que pide que se lle practique ese aborto.

Castígase con menor pena a embarazada porque o lexislador considera que a muller está nunha situación de conflito maior ca un terceiro que non ten ningún envolvimento sentimental.

En cambio en Francia castígase a realización do aborto doutro. O cal está pensando que se castigue sómente o médico. Polo que en principio o que di o código da saúde pública francesa castígase sómente o terceiro.

En Italia hai unha situación moi curiosa, porque está habendo moitas presións. Sabemos que dentro de Italia está o pequeno estado do Vaticano que ten moita influencia neste país.

Pero curiosamente a lexislación non é das máis restritivas. De feito está regulada nunha lei dende 1.978.

Establécense os primeiros 90 días de embarazo, nos cales se admite o aborto sempre que for consecuencia dun delito (violación), en caso de grave perigo de malformación para o feto, perigo para a saúde física ou psicolóxica da nai, en especial atendendo ás súas condicións sociais, familiares ou económicas.

Despois dos 90 primeiros días, despenálizase o aborto en caso de grave perigo para a vida da nai.

Como vemos xa ten uns 30 anos e hai continuamente presións para modificala, pero de momento segue aí. O que non sabemos é se estará na axenda política agora que empeza unha nova lexislatura italiana.

O último país europeo que vou comentar é o Reino Unido, foi das lexislacións máis liberais da época. A lei do aborto é do ano 1.967.

Primeiro fala dun prazo que son as primeiras 24 semanas de embarazo.

E nesas 24 primeiras semanas despenalizaba cando era necesario para impedir lesións físicas ou psicolóxicas da nai. E tamén para impedir lesións físicas ou psicolóxicas doutros nenos existentes no núcleo familiar.

Sen prazo permítese realizar cando hai riscos de graves malformacións psicolóxicas ou físicas para o feto, ou cando hai perigo grave para a saúde da nai, tanto física como psicolóxica.

Tamén no Reino Unido hai que destacar que tamén hai intentos recentes de modificación da lei. Nun primeiro momento o prazo era de 28 semanas e hai intentos de querer baixala a 22 e incluso a 20. Pero de momento mantense en 24.

Para concluír, facer unha pequena mención a EE.UU, porque teñen unha situación curiosa en que momento se considera se é legal ou non.

Hai que ter en conta que o sistema lexislativo en EEUU é totalmente diferente ao occidental.

Destaca unha sentenza do Tribunal Supremo do ano 1.978, que establece a doutrina da chamada viabilidade do feto.

Levou ao máximo expoñente a liberdade, dignidade, privacidade, e seguridade da muller. Deulle absoluta prioridade à deci-

O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto


sión da muller ata que consideraba que o feto era viábel, situando esta viabilidade no sétimo mes de embarazo, cando pode vivir fóra do seno materno. Deixa en mans da medicina a viabilidade do feto, hoxe pode chegar a ser viábel xa dende o sexto mes. Pero é destacábel que dá prioridade aos dereitos de decisión da muller.

Hai que mencionar que nos últimos anos está a haber moitas presións para modificar, pola baixa, esta lexislación. O que se fixo foi deixar que cada Estado poida promulgar a súa lei e que poida restrinxir esta lei tan ampla, para verse obrigada a pasar polo Tribunal Supremo, e deste xeito obrigar a este Tribunal Supremo a cambiar a lexislación e adoptar unha vía máis restrinxida que a da viabilidade do feto.

De momento non sucedeu, pero pode suceder.


Non me quero estender máis porque quero deixar espazo para posíbeis preguntas.

Grazas por atenderme e quedo à vosa disposición.



DEBATE

*Aspectos legais do dereito
a decidir*



O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

1ª.-Falaches das indicacións, pero non entendín se te referías ás indicacións para facer unha lei aquí, no Estado Español, ou a qué te referías....

Ana: “Non, refírome a indicacións que hai noutros países, noutros ordenamentos que están incluídas na lei como supostos nos que o aborto está despenalizado.

Dicía que máis ou menos cobren todos os supostos ou indicacións sociais, económicas, o tema da vivenda, a situación económico-familiar, o tema da adolescencia ou idade, multipariedade cando son embarazos múltiples e causan perigosidade, SIDA....

Pero son indicacións que están xa introducidas noutros ordenamentos.

En España intentouse a socioeconómica e non foi adiante.

2ª.-Tamén quería que falaras do tema da obxección de conciencia, que me parece un tema bastante interesante. E tamén de cando o Tribunal Constitucional resolveu o tema do recurso de inconstitucionalidade presentado por Alianza Popular. ¿Hai posibilidades de que o goberno faga unha lei de prazos, ou realmente xa non hai posibilidades?, porque o que estamos defendendo é unha lei de aborto, non unha despenalización.

Ana: Por orde, o tema da obxección de conciencia xa xurdiu no recurso de inconstitucionalidade, xa se suscitaba. Pero o Tribunal Constitucional non entrou a resolver, non se estendeu no tema por entender que era algo colateral ao que se estaba planxando que eran os tres supostos de despenalización.

En todo caso, na Constitución non se recolle o do dereito á obxección médica.

A Constitución si reconece no artigo 16 a obxección de conciencia, reconece unha liberdade de conciencia que conleva un dereito a obxectar en determinadas prácticas, en determinadas condutas.

Na Constitución a única obxección que se reconece, e así o di concretamente, é ao servizo militar, no artigo 30. Pero non se di nada máis sobre obxección de conciencia.

Agora xurdiu o tema con a materia escolar da “Educación para a Cidadanía”.

Mais non existe un dereito a obxectar reconecido explicitamente.

No entanto os médicos si que teñen a posibilidade de obxectar a practicar abortos por motivos de conciencia, por motivos ideolóxicos. E poden facelo apuntándose nun listado que hai de médico obxectores, nunhas listas médicas. E poden facelo polo dereito que teñen por motivos de conciencia e non hai ningún problema.

Outra cousa acontecería se houberse unha lei que lles obrigase ao cumprimento dun deber médico, que tivesen que practicar o aborto obrigados por lei. Neste caso a súa obxección non sería procedente como tampouco o sería no caso da Educación para a Cidadanía. A lei obriga e hai que cumprila, senón sería “desobediencia da lei”, que é outra cousa diferente.

A obxección de conciencia médica si que existe, existe como protección da liberdade de conciencia aínda que non está regulada exactamente na Constitución. Pero os médicos si poden obxectar porque non están incumprindo ningunha lei, porque non hai ningunha lei do aborto que lles obligue a nada.

O que pasa é que isto ten unha outra vertente pois sucede que, amparándose os médicos na obxección de conciencia, que repito están no seu dereito na sanidade pública, moitos centros non teñen cuberta a asistencia médica para poder abortar. Pero ese non é un problema dos médicos, é un problema do Estado.

E se a muller ten a posibilidade, non ten o dereito, pero se a muller pode interromper o embarazo porque está dentro dos supostos legais, o Estado ten que cubrirlle e darlle a cobertura

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

legal sanitaria, que é facilitarlle os facultativos, ou persoal médico encargado de practicarlle ese aborto (enfermeiras e demais persoal, equipo médico cirúrxico...todas as condicións que require esa intervención).

O problema que isto suscita é que as mulleres son derivadas a centros privados ou que, en tanto que son derivadas, que os médicos e o persoal sanitario se negan a atendelas, etc.. o tempo vai pasando. E este é un problema derivado, indirecto, pero horrible, có que se atopan moitas mulleres no suposto eugenésico. E mesmo teñen que ir fora da súa cidade para seren atendidas.

Este é o problema que provoca a obxección médica. E que debería estar máis regulada, por motivos de seguridade xurídica.

Pero repito que os médicos están no seu dereito a obxectar aos tratamentos que eles consideren que son contrarios á súa conciencia. O que pasa é que iso non pode resultar en que as mulleres que están dentro dos supostos legais se atopen con problemas para que se lles practique un aborto.

Ese é un problema do Estado, o Estado é o que ten que proporcionar os medios. E o medio persoal é indispensable para que iso se cumpra. O que non quere dicir que o médico "X" teña que ser o que o practique. Hai persoal médico que non obxecta, que non se nega a practicar abortos.

O Estado terá que proporcionar todos os medios nos centros públicos para que a muller poida exercer o seu dereito. Hoxe esa cobertura é deficitaria, e polo tanto, o Estado fracasa, como servidor público que é, e como garante de dereitos.

Tamén preguntabas como vía eu o sistema de prazos. Pois eu véxoo mal.

3ª.-¿Por qué dis que ti ves difícil a lei de prazos? Entón... ¿Cómo ves ti o aborto como dereito?

Ana: eu estoume a referir en base á Construción e á argumentación que o Tribunal Constitucional fai da vida, do non nato. Porque prioriza, di que é un valor superior a vida do non nacido, un valor central e di que a vida é un presuposto para o existir de todos os demais dereitos.

Ao meu entender colócao non xa como valor superior, senón como valor central ou primeiro. Na escala está arriba de todo. Entón, ¿ata qué punto se pode agora despenalizar dentro dun tempo, dun prazo, sen necesidade de estar en ningunha das situacións que xa están despenalizadas?¿Cómo xustificas esa desprotección absoluta desa vida, que xa dixeches que é superior? Pódeo despenalizar recorrendo á fase embrionaria.....

Eu entendo que ten cabida dentro da Constitución. Pero a argumentación que fixo o Tribunal Constitucional no seu momento, entendo que pecha esa porta. Faime cuestionar como é que vai argumentar a existencia dunha lei de prazos.

E se vexo difícil a lei de prazos, como dereito xa non vos digo.

Pero a vida xa foi xustificada como un dereito absoluto. Os demais dereitos poden estar limitados, pero a vida non a limita nunca. Nin tan sequera nos casos de conflito interpersonal da propia persoa, como no caso da persoa que quere poñer fin á súa vida, ou a persoa que se pon en folga de fame e acepta que a morte é unha posibilidade que pode derivar desta conduta que inicia libremente. E sexa en prisión ou por motivos relixiosos, acódesse ao Estado para pedir a alimentación forzosa, porque a vida hai que protexela sempre. E aí está o código penal que castiga calquera atentado contra a vida.

Luz: eu veríalle, quizais, un pouco máis de saída. Porque o que subxace nun sistema de prazos é que se fai unha ponderación de intereses, que non é allea ao código penal. De feito no código penal hai varias circunstancias que eximen de pena, en xeral para calquera delito. É o que se chama "estado de necesidade".

O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto

¿Qué é o “estado de necesidade”? Pois que unha persoa comete un delito calquera e pódesele eximir de pena se ese delito o comete, causando un mal, para evitar un mal maior. Entón dáse unha circunstancia de exención de pena, o que é ponderar intereses. É dicir, se eu causo un mal pero fágoo para evitar un mal maior, entón estou eximida de pena.

¿Por qué outros países o admiten? Pois porque fan esa ponderación de intereses.

É dicir, poñen un prazo, “x” semanas e cuestiónanse... ¿Qué intereses hai en xogo? Por unha parte os dereitos fundamentais da muller, liberdade, dignidade, etc, e por outro lado hai outros intereses, a vida en formación, que é moi importante, fundamental, pero que non chega á categoría de dereito fundamental. Entón nesa lei de prazos o que decide o lexislador é dar preponderancia a uns intereses a conta de outros.

Cando pasa ese prazo o que decide é quitar preponderancia aos dereitos da muller e dá máis relevancia á vida en formación. Porque xa é unha vida en formación máis avanzada, con máis posibilidade de converterse nunha vida humana independente. A non ser que existan outras circunstancias excepcionais que nos levan a facer outra ponderación de intereses. Por exemplo, no sexto mes de embarazo: perigo para a vida da nai, pois aquí aínda que teña preponderancia a vida en formación e se castigue o aborto, como se produce un grave perigo para a súa vida, facemos que teña máis importancia a vida da muller que esa vida en formación.

Outro exemplo que me ven é o tema da lexítima defensa. Sabemos que o código penal protexe a vida, e refírome agora á vida independente, e castiga o homicidio, castiga o asasinato, pero ten outra xustificación que é a lexítima defensa. Que é que en determinados casos permítese lesionar outra vida, é dicir, se a min se me agride, se me intentan matar, eu, en lexítima defensa podo reaccionar e matar o meu agresor.

¿Quere isto dicir que a vida do meu agresor non vale? Claro que vale, pero o que pasa é que hai unha situación de conflito, hai dúas vidas en conflito e dámoslle preponderancia a unha sobre a outra.

Entón o que subxace nun sistema de prazos, o que se da é unha preponderancia de intereses que pode ser factible e que pode ser defendible.

Outra cousa é que non caiba no que argumentou o Tribunal Constitucional, pero nun sistema cunha constitución como a española sempre ten cabida, igual que a ten noutros países.

Ana: Eu estou de acordo con iso, pero ao tela fixada como valor central...iso é o que vexo como “hándicap”, pola adxectivación que fixo. Mais, a composición do Tribunal Constitucional tamén inflúe. O Tribunal que fixou a constitucionalidade dos supostos que hoxe existen era un tribunal progresista, se este tribunal fose conservador e lle chegara a situación de resolver este recurso igual a cousa tivera sido doutro xeito.

A Constitución é un documento político, e as leis son políticas, polo tanto obteñen respostas políticas.

Pero eu entendo que sería quebrar, en certo xeito, a sentenza que xa se ditou. Entón tería, en todo caso, que ser debatida. Insisto en que o digo pola priorización que fixo na súa fundamentación.

4ª.-Sen entender moito sobre o tema, eu vexo que na comparanza da lexítima defensa hai dous sucesitos de dereito, e no outro caso non hai dous sucesitos de dereito.

Ana: Hai unha proxección de vida pero non hai un suxeito. Eu a preponderancia véxoa clara, pero de feito hai un maxistrado que discrepa na fundamentación da sentenza e déixao claro.

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

A verdade é que é a primeira vez que se lle dá prioridade a un valor sobre un dereito.

Tamén hai que pensar que o termo todos introduciuse no proxecto de Constitución pero fíxose pensando, sobre todo por parte da dereita española, que ía imposibilitar despenalizacións futuras do aborto. O que pasa é que despois interpretouse con visións máis progresistas, pensando máis nas mulleres.

Dende o punto de vista xurídico está claro que hai uns dereitos fronte a uns valores. Hai unha persoa física titular de dereitos fronte a unha futura persoa que non é titular de dereitos.

5ª.-Se houbera un goberno con vontade de crear unha lei de prazos, ¿Cal sería o procedemento?

Ana: Primeiro tería que ser unha lei orgánica.

Todo o que atinxe os dereitos fundamentais ten que estar regulado por lei, pero non por calquera lei. É unha lei que é difícil de consensuar, difícil de aprobar porque é unha lei orgánica e as leis orgánicas hai que aprobalas, fronte ás demais leis que son simples. Son leis cualificadas o que significa que para ser aprobadas, para saír adiante no Parlamento, no Congreso dos Deputados ten que ser votada a favor pola maioría absoluta, é dicir, por 176 dos integrantes que son 350. E 176 é unha maioría absoluta, é dicir, a metade máis un dos que teñen dereito a voto. Despois irán os deputados que vaian, pero 176, e iso é difícil de acadar. Falamos dun goberno de maioría absoluta, ou senón un goberno con coalicións, con apoios doutros grupos parlamentares. Entón, en principio ten que ser un texto consensuado, ten que ter o apoio doutras forzas políticas, non chega coa que está gobernando. Ten que ter un apoio social detrás.

Unha lei deste tipo seguro que será recorrida diante do Tribunal Constitucional, alegando que viola o artigo 15 e que ademais se desvincula coa doutrina ditada na sentenza 53/85, e coa interpretación que fixo anterior da vida do non nato...é dicir, poñe-

ríase ao Tribunal Constitucional na situación de ter que pronunciarse, estudar, examinar esa nova regulación que se fai. O Tribunal Constitucional tería que dicir se esa lei de prazos viola ou non a Constitución, sería facer un xuízo de constitucionalidade; polo tanto interpretar a lei co parámetro constitucional diante. Saber se esa lei ten encadre constitucional, se non excede o que di a Constitución, o que permite facer a Constitución.

E eses 12 maxistrados ou maxistradas que integran o Tribunal Constitucional terán que resolver se esa lei, en todo ou en parte, é contraria ou non ao artigo 15 da Constitución.

Indubidabelmente nunha resposta deste tipo, sobre todo, inflúe o compoñente político do Tribunal Constitucional, por iso hai esas loitas. Por iso hai temas tan candentes como o recurso do Estatuto Catalán, a lei dos matrimonios homosexuais, “Educación para a Cidadanía”...e que non son quen de resolver, porque son temas políticos e que marcan a axenda política.

Se ao goberno lle votan para atrás unha lei dese tipo, ese goberno queda bastante debilitado fronte á opinión pública.

En fin... ¿Qué ten que dicir o Tribunal Constitucional? Pois nin máis nin menos que se esa lei vulnera a Constitución. Se a vulnera, pois esa lei anúlase. Esa lei vai fóra do ordenamento xurídico. É expulsada por ser contraria á Constitución e desaparece. Toda ou en parte, como o determine o Tribunal Constitucional. Pode ser algún precepto ou ningún se di que é constitucional.

Socialmente, eu penso que cada vez hai máis conciencia social. Agás, como dicía Luz, en determinados sectores dos máis conservadores ou máis ultrarelixiosos, o sentimento social é que o aborto non é punible nun prazo de tempo. É dicir, nas primeiras semanas de xestación. Eu penso que isto é aceptábel socialmente, a nivel xeral, e politicamente tamén. Dende a esquerda presentáronse varios proxectos: IU, ERC.....

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

O que pasa é que o goberno para non perder determinado voto o que fixo foi dar un xiro ao centro retirando o tema da eutanasia, o aborto....

Luz: O que pasa é que era un tema que como vían que ía funcionando polo tema da saúde psíquica dixeron, pois é mellor non o tocar e así evitámonos o conflito. Polo tanto, vaise solucionando pola vía de abaixo e non temos ese problema de ter que regulalo por lei.

O que pasa é que mentres funciona, funciona, pero seguridade xurídica non hai, e pode chegar a pasar o que pasou en Portugal, si se poñen agora a investigar... pois socialmente non hai unha maioría en contra do aborto. Pero se realmente se poñen a investigar se as persoas que abortaron tiñan un problema de trastorno bipolar, ou psíquico grave...entendo que non.

En realidade é unha despenalización hipócrita. En principio é unha lei moi restritiva, pero que aplicándoa como se está a facer, hai unha vía pola que se aborta moitísimo.

En cambio cun sistema de prazos é moito máis real, moito máis seguro xuridicamente falando e dálle cobertura ao que está sucedendo, que dentro dun prazo prodúcese o aborto sen ter que estar finxindo ou actuando en fraude de lei dicindo que se dá a primeira situación cando en realidade non é así.

6ª.-Pero claro, aquí, sorden as desigualdades territoriais

7ª.-En Portugal, Alemaña, Francia...¿Hai obsesión de conciencia? ¿Practícanse abortos na Seguridade Social, ou son derivados, como aquí, á sanidade privada? ¿Pronunciouse o Parlamento Europeo nalgún momento sobre este tema?

Luz: Pois realmente descoñezo se os abortos se practican en clínicas públicas ou privadas.

O que si que teño claro é que en Portugal era moi restritivo por-

que se remitía exactamente ao que dicía a lei.

En España tiñamos unha regulación exactamente igual, e viamos como aquí había un filtro, por clínicas privadas pero ía para adiante. E, en cambio, en Portugal non. Entón aí vemos que había unha aplicación máis estrita da lei e non había filtro. Por iso xurdiu toda a polémica e resultou nunha nova despenalización do aborto.

Pensando nas regulacións de outros países, por exemplo, en Francia, un país que dende 1975 ten regulado este tema baseado en prazos, en indicacións, que regula a interrupción do embarazo nun código da saúde pública establecendo uns requisitos. E ben, tanto Francia como Alemaña teñen un sistema previo de asesoramento á muller, que se supón que é estatal. Entón obviamente ten que ir por hospitais públicos, senón sería impensábel esta regulación.

E penso que o Parlamento Europeo non se pronunciou sobre isto.

Ana: a Unión Europea dubido que tomase un posicionamento. Faino sobre temas económicos ou de igualdade en políticas públicas, pero sobre isto penso que non hai nada.

A nivel internacional, a ONU, o dereito das familias a decidir o número de fillos ...pero sobre o aborto non creo. Porque non é un tema de política europea.

No tema de delitos no que se centra en terrorismo, tráfico de drogas, tráfico de mulleres e nenos... é no que se está centrando.

8ª.-No caso dos médicos que se negan a practicar abortos na sanidade pública, pero que despois nas súas consultas privadas si o fan... ¿É esa practica punible?

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

Luz: Delito non é.

Ana: Está no seu dereito a non practicalo sen dar máis explicacións, non ten que render contas.

Luz: No código penal o único que existe é un delito de discriminación. É dicir, castígase aquela persoa que por razóns discriminatorias negue a unha persoa un servizo público ao que ten dereito. Nunca se aplicou neste caso

Ana: Haberá que estudar esta cuestión.

Luz: Mentres haxa un médico que mo faga eu teño ese servizo cuberto.

O que é reprobábel é que non o fagan a maioría dos médicos, así atopámonos con que só hai un médico en toda Galiza que si o fai.

Ana: O que si hai, e non só nestes casos senón en moitos outros, é o “derívote á miña consulta” por pingües beneficios...É reprobábel, pero non é delito.

Iso é o que debería quedar garantido, regulado e detallado na nova regulamentación. E niso parece que si o goberno quere entrar.

Luz: En todo caso establecer algún tipo de control disciplinario de médico como funcionario.

9ª.-En base ao marco legal que temos agora mesmo no Estado Español, e en base a como está a regulación nos estados limítrofes... ¿Qué previsión podemos facer? É dicir, nós estivémonos manifestando na rúa pedindo aborto libre e gratuito na sanidade pública. Xuridicamente, aínda que vaíamos a seguir pedindo, xuridicamente... ¿Qué podemos agardar?

Ana: Eu penso que aquí o factor relixioso pesa moito. Todo o que está relacionado coa vida, a protección da vida... e entón

enfrentarse con determinados sectores da sociedade tampouco lles apetece moito aos grupos políticos, e este é un tema que pon en pé de guerra a determinados sectores da sociedade.

Ás veces, téndese a confundir moito as cousas. Hai moito descoñecemento. Se cadra se sentaran a falar con tranquilidade distintos sectores, deixando a un lado fanatismos, ideas que pertencen ao sector privado... sentarse nun marco laico sería fundamental. Sentarse a consensuar unha norma que cubra a realidade, o que está pasando na sociedade.

As sociedades cambian. Quen nos ía dicir hai uns anos que o matrimonio homosexual ía ser unha realidade ou que ía haber unha lei que castigase a violencia machista.

É tratar as cousas en base a unha realidade e dar resposta xurídica a unha realidade, porque as cousas hai que regularas polo Dereito, que para iso está, para regular a convivencia e para que non pasen cousas á marxe da lei, que é o que produce os problemas.

Os abortos vanse seguir producindo e van seguir morrendo mulleres por abortos clandestinos, realizados sen a suficiente cobertura, sen as suficientes medidas garantidas. Entón imos garantir que os abortos que se sigan a facer se fagan ben.

E escoitar ao colectivo implicado, escoitar as reivindicacións das mulleres, e non facer as normas sen perspectiva de xénero, que isto é fundamental para introducir unhas políticas públicas, e esta é unha política pública máis. Unha lei que responde á regulación da realidade social.

E eu penso que o lexislador pode facer calquera cousa. Que as leis poden regular calquera cousa, cara a un lado ou cara a outro. E, como vos dicía antes, igual que no seu momento se despenalizaron tres supostos de aborto, puideron ter despenalizado catro, ou ter seguido como estabamos.

O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto

Entón o lexislador ten un marco para actuar, a Constitución, que é plural e que é aberto. Ao final as cousas acaban sendo non como di o lexislador, senón como di o Tribunal Constitucional.

É dicir, son temas que logo de ser declarados constitucionais, aplícanse con naturalidade e a xente que berraba deixa de berrar porque ve que non pasa nada.

Ao final se o panorama político implanta un sistema de prazos e o Tribunal Constitucional actúa de cara á realidade, e prima o que debe primar que son os dereitos fundamentais das mulleres, e si se deixa ás mulleres, dunha vez, decidir en liberdade, apostaría pola constitucionalidade.

10ª.-Nos casos de abortos ilegais, ¿cal sería a pena para as mulleres? ¿E para os médicos? ¿Esas penas estanse a aplicar ou non?

Luz: Hai moi poucos casos nos que houbera abortos ilegais ao producirse case todos polo tema da saúde psíquica, e houbo moi poucos casos de penas por aborto.


As poucas penas que hai son por abortos sen consentimento. Porque se a propia muller non quere que se lle practique o aborto, denuncia...ou abortos imprudentes.

Haber hai un caso no que a muller decidiu abortar e chegou ao Tribunal Supremo, pero este absolveuna porque decidiu que actuara en estado de necesidade.

En canto ás penas, a maioría son algúns anos de prisión. Sobre cinco anos nos casos de aborto sen consentimento da muller.


Con consentimento da muller baixan a dous ou tres anos.

Castíganse ao médico e á muller, pero moito menos á muller.



Alternativas à despenalização do aborto

*DEBATE-COLÓQUIO INTRODUZIDO POR
'MIL E PICO', 'NOMEPISESDFRECHAO
MOREIA DE PARAFEMINISTAS
DESCÈNERADAS'
E A 'MARCHA MUNDIAL DAS MULHERES'*



O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto

A Comarcal coruñesa da Marcha Mundial das Mulleres, decide encerrar as xornadas “O Dereito a decidir”, neste día, por coincidir coa a celebración do “Día internacional da acción pola saúde das mulleres”. Data fixada desde o ano 1987, pola Rede Mundial das Mulleres polos Dereitos Reprodutivos, co fin de facer fincapé na importancia de reflectir sobre as políticas, programas e accións a favor da saúde da poboación feminina mundial.

Como primeiro punto do programa, proxéctase o documental “Maternidade por escolla, non por obriga” de Dorothy Fadiman, que ten no seu haber un Emmy e unha nomeación ao Óscar. Nel nárrese a loita polo dereito a decidir das mulleres nos Estados Unidos, e a necesidade de continuar con esta loita para poder preservar os dereitos femininos”.

A seguir co obxectivo de funcionar como punto de encontro entre activistas de diferente natureza e idade, escoitamos a particular perspectiva en prol do dereito a decidir de: Itziar Brea da Asociación xuvenil “Mil e pico”, Rocio do colectivo Nomepise-sofregao, e Victoria Louro como representante da Marcha Mundial das Mulleres. Por último ábrese o debate a todas as persoas asistentes, resultando moi enriquecedores os contributos achegados.

Co motivo de ordenar a información e facilitar futuros debates, para redactar a presente memoria, agrupouse a grande diversidade de ideas que foron saíndo en función de categorías temáticas, que son as que nos servirán como eixo articulador do presente documento.

O aborto e o dereito a decidir

As tres conferencistas coinciden na importancia das mulleres poderen facer valer o seu dereito a decidir sobre a propia maternidade, e dúas delas subliñan a importancia de o legalizar e de se poder levar a cabo dun modo gratuíto e na sanidade pública.

Ao respecto, Itziar Brea, a partir da súa experiencia como cuidadora de persoas gravemente deficientes cóntanos: “Eu vexo casos de moitos rapaces que nacen para vivir nunha cama, e si, unha vez que están aí, vas a facer todo o posíbel e intentar que eles teñan a mellor vida posíbel, mas talvez non fose necesario que estivesen a pasar por todo iso”.

Continuando coas xustificacións, unha das asistentes salienta que “non hai ningún método anticonceptivo efectivo a 100%; partindo disto, a decisión de abortar é unha decisión dura, mas é unha opción que ten que estar aí”. Tamén se desmitifica a idea de que o aborto e a pílula do día despois sexan usados como métodos anticonceptivos cotidianos, xa que “segundo as estatísticas que forneceu Mariam Ferreiro, na Galiza non é así”.

Pola súa parte tanto Victoria Louro como outra das participantes salientan que “os dereitos das mulleres son dereitos humanos” e que “dentro dos dereitos cidadáns cada muller ten dereito a decidir o que quere facer coa súa vida e por tanto ten dereito a decidir sobre a súa maternidade”

E fálase de legalización, porque como indica Victoria Louro: “Despois de escoitar as letradas que tivemos na xornada anterior ficou claro que non temos lei de aborto, o que temos é unha despenalización de tres supostos”. E continua a explicar como esta despenalización “deixou aberta unha porta à intransixencia. Porta moi perigosa porque as mulleres continuamos en situación de delinquir cando queremos que se nos practique un aborto”. E mais aínda, porta que permitiu a entrada da obxección de consciencia do persoal sanitario, vexamos:

“...a obxección de consciencia, non só aos médicos mas a todo o persoal sanitario. Non sei se todas e todos sabedes que hai mesmo celadores que se negan a empurrar a cama no caso de ser utilizada por unha muller a que se lle vai realizar un aborto. É o cúmulo, é como se nos poñen Testemuñas de Xehová como responsábeis polo centro de transfusións. Cando na realidade a obxección de consciencia é algo que si está na Constitu-

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

ción, mas que se criou para o tema do servizo militar, e agora aplícase para o caso da Educación da Cidadanía, para o caso dos abortos, etc... Que acontece con isto realmente?, pois que as mulleres ficamos totalmente desasistidas, propiciándose desta maneira a intromisión na nosa vida privada, na nosa intimidade. E ao persoal sanitario que practica abortos déixaos totalmente indefensos.”

Victoria conclúe esclarecendo que “Ningunha muller quere abortar. É unha operación cirúrxica e ningunha de nós quere pasar por iso. Nós queremos o dereito ao aborto, mas non queremos abortar. É un dereito das mulleres e ten que estar legalizado, non só despenalizado”. Será Rocio quen precise un pouco mais e faga unha referencia explícita à loita por conseguir “unha lei de prazos”. Con respecto à operativización do aborto, na actualidade, é claro que da igualdade formal à real hai un abismo, e que existe unha grande desigualdade xeográfica. Como di Victoria: “Dependendo de onde vivas telo mais fácil ou mais difícil, depende de moitos factores e o mais importante é o de quen governe, o caso mais alarmante é o de Navarra onde é imposible practicar ningún aborto”

Rocio o aterrará mais, centrándose nas diferenzas que se dan na propia cidade da Coruña e na forma dos servizos prestados, facendo fincapé en que o aborto debería ser gratuito e estar facilitado pola sanidade pública. Vexamos:

“O outro día cando vin escoitar Mariam Ferreiro, traballadora do COF de Monte Alto que funciona como funciona, fiquei bastante preocupada cando se falou das diferenzas de atención ás mulleres inclusive dentro da nosa propia cidade. Parece ser que hai dous COF e nós só coñecemos un, o segundo parece que funciona regular, mais para mal do que para ben.”

“E cando falaba de que para elas e eles, dunha perspectiva pragmática era un éxito as cousas que estaban a conseguir, montes de cousas que do punto de vista teórico non poderían considerarse como un éxito. Cousas como que agora na Coruña o

aborto é gratuito e accesíbel a todas se vas à clínica FAOS derivadas do COF que ao final é a perpetuación dun sistema. Eu non quero ir à FAOS facer un aborto aínda que sexa gratis. Ademais, como contou Mariam, é gratis se me derivan do COF, porque se vou pola miña conta à clínica, non vou ser informada de que o podo facer de maneira gratuita. É denogrativo que teñamos que ter tanta información previa para poder exercer un dereito.”

A cuestión moral e psicolóxica

Comezamos esta sección con unha frase de Itziar que nos introduce na realidade do patriarcado existente na sociedade e no tema a reflectir... “porque non é normal que porque ti queiras decidir se queres ter un fillo ou non, todo o mundo teña que opinar sobre iso”. Frase que deixa entrever a suposta permanente minoría de idade à que estamos sometidas as mulleres no ideario sincrético das nosas modernas cidades.

Varias das participantes salientan o ámbito moral do aborto, sobretudo, como di unha delas “cando se entremistura à hora de falar de dereitos nun estado laico”. E continua argumentando:

“Unen sexualidade e maternidade porque somos mulleres. Mas eu sobretudo son persoa, despois serei mai ou non. Mas primeiro son persoa e como tal as mulleres temos que ter os mesmos dereitos e liberdades que os homes... Logo o tema de que non se pode usar o aborto como anticonceptivo, e por tanto es presionada para que penses ben con quen te vas deitar, con quen vas practicar sexo, porque se o fas e despois ficas preñada, e non voltas a ver esa persoa, o fillo fica para ti. Ah, claro! Teño que ser eu a que pense con quen practico sexo e con quen non, en troca os homes non, eles poden “mete-lo” onde lles de na gana, esa tamén é unha cuestión supergrave. Eu non teño que ver se iso é decente ou indecente, eu primeiro teño que ver polos meus dereitos e logo xa verei se son unha pecadora ou non.”

O dereito a decidir

alternativas á despenalización do aborto

Polo seu lado outra das participantes afirma que “hai que mudar o discurso”, explica que cada vez que se fala do aborto saen as típicas expresións que parecen xustificacións das mulleres que abortan («é unha decisión dura», «é un momento dramático», «representa un trauma»). E como ela di “hai xa que deixar de xustificar este dereito, non é tan dramático”. Mais adiante a mesma participante relaciona a cuestión moral e psicolóxica dicindo:

“Outro tema é o da atención psicolóxica de que se precisa pola traxedia que se fai deste asunto. O que hai que facer é insistir en que isto non é algo dramático, simplemente é unha intervención cirúrxica quizá non tan agresiva como moitas outras que se realizan cada día. O aborto é dramático por unha cuestión moral, porque nos están a dicir que iso está mal. O problema psicolóxico ven cando che din que estás asasinando unha persoa. Isto é o que temos que variar.”

Con respecto a atención psicolóxica unha das raparigas de Galiza Nova, precisa:

“de todas as cousas que se faloron coincido en que as presións da familia, da sociedade, etc... non fan con que sexa fácil a decisión de encarar un aborto. E o que me alucina é que non se fale dunha atención psicolóxica. Há moitas mulleres a que a sociedade afasta e que non deixan cada día de ser demonizadas. Estas mulleres fican bastante “tocadas”. A sanidade pública ten que proporcionar ese atención psicolóxica”.

Con base no visto na curta, resalta ademais outra achega das compañeiras sobre o diñeiro e a moralidade: “Se tés cartos abortas. E aí a moral apartámola, deixámola na gabela da cómoda e cando acaba todo voltamos a collela.”

Coeducación e educación afectivo sexual

Moitas das intervencións escoitadas ese día, fan encamiñadas a resaltar que “o aborto é o último recurso, o que hai que facer é previr a gravidez” e para iso “todas e todos estábamos de

acordo en que a educación é fundamental”. Unha das participantes fala ao respecto da “hipocrísia dos poderes fácticos”:

“Outra cousa que quería tocar é a hipocrísia dos poderes fácticos: non ao aborto, mas non incluímos medidas para que non se teña que dar esa situación. A educación sexual, por que non se inclúe no currículo escolar? Para que unha persoa teña uns mínimos coñecementos sobre o que lle pode acontecer neste aspecto da vida e para evitar este tipo de situacións.

Por iso digo que é unha hipocrísia porque non queren que suceda iso, mas non poñen os medios para poder evitalo.”

Victoria Louro, especificaba algunha das claves para o facer:

“Tomando medidas educativas serias e responsábeis. Incorporando proxectos de intervención permanente de educación afectivo-sexual desde a escola infantil. Apostando por un modelo co-educativo saudábel. Deseñando e implementando modelos educativos que aborden integralmente as actitudes en relación à sexualidade e à afectividade, que garantan un desenvolvemento integral da persoa para unha vida saudábel e feliz. Estimulando a colaboración das familias.”

Varias das compañeiras participantes puñan a énfase nos problemas da operativización deste tema, xa que...

“Temos que ser conscientes do sistema en que estamos metidas, mas quen vai dar esa educación sexual? quen vai redactar eses textos? quen vai poñer as bases desa educación? A nós educáanos o sistema, e deixar este tema en mans do sistema é moi perigoso. Vainos educar o PP, o PSOE? Que medo! As mulleres temos que ter un discurso propio sobre qué tipo de educación sexual queremos.”

Ao respecto engadíase que “tanto Lola Ferreiro como Mariam Ferreiro coincidían en que hai unha proposta que hai moito tempo que se ía facer sobre educación emocional afectiva e se-

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

xual desde a educación infantil. É claro que o PP puxo impedimentos, e o PSOE directamente dixo que non. Mas agora parece que vai saír por parte do Servizo Galego de Igualdade”.

O tema do persoal docente foi outro dos destacados nesta reflexión, xa que “dependendo dos claustros nun centro educarán dun modo e noutro doutro”. E para argumentar isto, expuxéronse varios casos:

Como o dun profesor de filosofía dun centro público de ensino que “colocaba no cadro de avisos supostas cartas dun feto que lle falaba à súa nai”.

Margarida Vázquez, Concelleira de igualdade do Concello da Coruña, conta como na exposición que preparou o concello sobre o tema da “imaxe da muller nas revistas para adolescentes”:

“A intención era que rodase polos institutos e que servise para provocar o debate. O que fixemos foi recortar e ampliar, por iso da visibilidade, anacos de revistas dirixidas a adolescentes de 13, 14 anos. Cal foi a nosa sorpresa que ao chegar ao primeiro instituto nos din que é moi forte porque hai moitos paneis que están moi sexualizados, que é un tema que é certo nas revistas para adolescentes. Nestas revistas dirixidas a adolescentes hai unha sexualización moi por cima da recomendada para a idade a que van dirixidas. Entón dicían que a exposición podía incitar à denuncia por apoloxía da pornografía e da sexualización. Ben, pois léveme ao xulgado e dígame qué tipo de apoloxía fago eu e se non fan apoloxía as revistas. Visto o panorama no primeiro instituto, falamos co orientador ou persoa que levaba este tema porque, claro, non queremos unha exposición que ao que pase por diante dela non lle provoque nada. Para iso pois que vaian comprar as revistas ao quiosque. Conclusión: que algo que parecía que estaba practicamente superado, pois atópaste con que hai moito que facer nese tema. Quero dicir, nos centros educativos non se trata o tema con a naturalidade que se esperaba. Entón pois non hai mais que reconecer que si hai retroceso.

Por todo o anterior, unha compañeira chegou a opinar que era “moi perigoso deixar a educación afectivo-sexual nas mans

dunha institución como é a educación regulada”. Afirmando que “desde fora do sistema escolar pódese informar e formar con unha independencia, con unha óptica moi diferente que a de dentro do sistema”.

A actual campaña reaccionaria contra o dereito a decidir

Victoria Louro comeza a súa exposición retomando algunhas frases da curta proxectada. Frases como “pensabas que era tan fácil ser muller”, ou “sempre temos que estar alerta porque os dereitos tíranolos en calquera momento”. E conclúe dicindo: “As mulleres debemos ser moi perigosas porque cando se trata de arrebatarse dereitos, ás primeiras que non os tiran é a nós”.

Isto o relaciona, entre outras cousas, cos ataques ás clínicas de Madrid e Barcelona, así como coa investigación que está a levar un xuíz das clínicas de Girona. Disto ela fai a seguinte análise:

“De súbito comezan a saltar estes ataques en diferentes sitios, o cal deixa claro que iso está preparado, organizado e ten un fin. Ademais o modo de como o están a facer. O que están a facer é mentindo con falsidades mal-intencionadas como as que todas e todos coñecemos como o das trituradoras e fetos de oitos meses, e esas cousas tan escandalosas... Ademais curiosamente unha vez que se descubriu que todo era mentira, que non estaba a acontecer nada diso, que as clínicas estaban a funcionar perfectamente dentro da legalidade, aí parou o tema, non se falou mais diso”.

Ela mesma remata analizando “Que procuran na realidade? Perpetuar a sociedade patriarcal e a desigualdade. Para a igrexa e a dereita a opresión da muller é unha das orixes do seu poder.”

Xa vimos o que se falou da Igrexa no que di respecto à moralidade e ao aborto, mais nesta sección queremos facer unha anotación sobre o lema escollido no día 28 de Xuño co gallo da celebración do día do orgullo gai organizado por Maribolheras: “A igrexa mata”, o cal explican dicindo:

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

“xa vemos que é unha realidade que a Igrexa mata, todos os días estamos a ver como por cuestións de obxección de conciencia os médicos non cumpren con a súa función, e por exemplo con o tema da SIDA a Igrexa está a facer moitísimo dano a países onde non hai esa educación.”

Outra das participantes precisará posteriormente: “A Igrexa mata e remata”. Facendo mención dun “reponte desde certos sectores de ataques aos dereitos xa conquistados e diante disto hai que estar alerta. Hoxe estanse a ver cousas que hai vinte anos que xa non se vían, esa defensa por calquera prezo da familia e outros moitos actos...”

Con respecto à dereita e o sector político, hai unha interesante reflexión dunha das compañeiras: “As medidas que se adoptaron por parte dos últimos gobernos non son para nada “benéficas” para as mulleres, hai algo mais agochado. Tentan que unha loita como é o aborto se atrase o máximo posíbel.” E acaba dicindo:

“Dámonos conta de que a nosa sexualidade, a nosa capacidade reprodutiva, está vinculada ás necesidades que ten o sistema de que facemos parte que é o capitalismo; e nós somos as que fabricamos man de obra para ese sistema. Por iso penso que calquera loita feminista que se faga ten que ir encamiñada para ese lado.”

Tamén se salienta o papel desempeñado polos medios de comunicación, que moitas veces fan de intermediarios destes poderes fácticos:

“Os medios de comunicación tamén teñen que dar as informacións doutra maneira. Saltou o escándalo e agora era de seu que saltase outro escándalo: era mentira, non estaba a acontecer nada diso que estaban a dicir. Ademais é insultante como falan de nós cando se toca este tema, con unha frivolidade asombrosa.”

A loita continúa

Aínda que ao longo do debate se falou de que nalgúns sectores da poboación non había unha sensibilización sobre o tema, xa que “como non teñas alguén próximo que teña ese problema, pois é un problema que existe mas como a min non me afecta, paso un pouco del”. Ou como dicía outra compañeira:

“A xente nova está a outro tema. «como a min non me pasa, pois non me implica». Parécenos que temos moito andado como mulleres, mais en seguida te atopas con un muro de fronte, mas como pensas que vives ben e como a ti non che tocou, ou a ele non lle tocou... é difícil e cru formulalo así mas penso que é importante que a xente nova se interese mais e se implique mais”.

No mesmo camiño, escoitábase unha chamada ao facto de que “Temos que ser conscientes de que as mulleres somos un dos sectores da sociedade mais oprimidos, e durante moito tempo as mulleres, gustemos ou non, relaxámonos. Relaxámonos todas, e o que temos que continuar a facer é reivindicar os nosos dereitos”.

Pola outro lado unha das participantes resaltaba a continuidade dicindo:

“ Nesta loita houbo épocas culminantes, mas eu penso que é unha loita que nunca se deixou. Hai momentos en que parece que tés uns dereitos afianzados e te enfrascas noutras loitas, mas o que está claro é que non podemos dar nunca nada por feito, temos que estar na rúa constantemente, e cando digo na rúa é na rúa, que se nos escoite e que à xente lle de vergonza que saia nos medios. É triste mas é así, nin chega con ir votar cada catro anos, non é suficiente. É moi importante reclamar o noso espazo, estar asociadas e a mobilización.”

Neste senso será Rocío quen coloque como meta “procurar o obxectivo común entre as mulleres, militemos ou non milite-

O dereito a decidir alternativas á despenalización do aborto

mos, teñamos as diferenzas que teñamos, e levar este tema adiante xa, porque non ten sentido continuar a estar baixo o yugo do patriarcado exercido desa maneira.”

Retomando unha das derradeiras frases do documental unha das participantes resalta que “os dereitos das mulleres deféndense con persoas non só que falan como tamén toman acción, con isto convidamos todo o mundo para estarmos na rúa a defender os nosos dereitos porque xa vemos como están a tentar recortalos cada vez un pouco mais. Por iso hai que estar reivindicando, pedindo, manifestándonos, facéndonos ouvir.”

Con base a experiencias que as mulleres están a levar a cabo a nivel estatal e na Catalunya, unha das compañeiras propón:

“E nós temos que ter unha perspectiva moito mais ampla, porque o que si está claro é que por moitas leis que se nos queiran aprobar: a lei de igualdade do home e a muller, a lei contra a violencia de xénero, a lei de variedade, por moitas leis que se queiran aprobar nunca van ser aplicadas (e eu teño moitas diferenzas con elas porque non foron ao fondo da cuestión que é o patriarcado) entón non chega con estar na rúa, quero dicir, debate... formación, reflexión, acción”. Hai que saír á rúa para esixirlle a este goberno, ao que veña, ao que sexa, que quereamos unha lei de aborto na sanidade pública. E nada de obxeción de consciencia. E non basta con que se aprobe a lei, hai que facer un seguimento desa lei”

Coméntase a importancia de “implicar os homes” nesta loita. Esclarecendo que:

É unha loita onde temos que ser nós as que levemos a voz cantante porque somos as que nos estamos a xogar a vida nisto, as directamente implicadas, mas temos que implicar o resto da poboación. Os homes non poden ficar à expectativa porque falamos de dereitos humanos e tal como nos mobilizamos polos dereitos de distintos colectivos, de outras minorías, as mulleres tamén somos un colectivo, somos parte da poboación mundial”


Como liña de traballo futuro, fálase do problema da desinformación que existe sobre o tema, para a poboación en xeral, e para o colectivo de mulleres inmigrantes en particular:


“Se as mulleres en si estamos desprotexidas, porque no noso sistema educativo non temos unha educación afectivo-sexual... ben, eu teño acompañado algunha muller africana ao COF e falarlle dos métodos anticonceptivos, e saír daí branca, quero dicir, Que é un DIU? Que me está a falar dos aros? Que é un preservativo?, etc.”

“Comenta Médicos do Mundo que soamente na Galiza hai unhas 14 000 persoas inmigrantes que non teñen cartón sanitario, teñen acceso a cobertura de urxencia mas non a un seguimento médico. Entón, como facer chegar esta mensaxe a persoas que veñen de culturas totalmente diferentes? Cando a educación sexual é nula, ademais cando se encontran nestes casos tamén recorren aos seus propios métodos abortivos”.

O dereito a decidir


alternativas á despenalización do aborto





Bibliografía

- ‘Coeducación Afectivo-Emocional e Sexual: Fundamentos para un modelo de intervención en educación infantil e primaria’**
Grupo Lúa Crecente. Lola Ferreiro et Al. Servizo Galego de Igualdade, 2008
- Código Penal 1973** – artigo 417 bis
- ‘Declaración dos dereitos da muller e cidadá’** Olympe de Gouges, 1791
- ‘La evolución de la sexualidad y de los estados intersexuales’** Gregorio Marañón, 1930
- ‘Motherhood by choice not change’** (Maternidade por escolla, non por obriga) Dorothy Fadiman 2003, 27’ DVD www.thepowerof-choice.net
- ‘Las mujeres parlamentarias en la legislatura constituyente’** editado por el Ministerio de la Presidencia en colaboración con las Cortes. Coordinado por la profesora Julia Sevilla Merino, 2007
- ‘O Segundo Sexo: I. Os feitos e os mitos’** Simone de Beauvoir (1949), editado en galego por Edicións Xerais, 2008
- ‘Vindicación dos dereitos da muller’** Mary Wollstonecraft, 1792.



Agradecementos

Queremos expresar o noso agradecemento a todas as persoas que, dalgún xeito, colaboraron para que esta publicación fose unha realidade.

a

Lola Ferreiro Díaz
Ana Aba Catoira
Luz María Puente Aba
Mariam Ferreiro

Por compartir con todas nós, e dun xeito totalmente desinteresado, os seus coñecementos sobre o tema

a

Itzjar Brea, da Asociación Xuvenil “Mil e Pico” de Carral
Sheila Fernández, da organización “AGIR”
Ximena González e María Traba da organización “Galiza Nova”
Margarida Vázquez, concelleira de igualdade
ás compañeiras do colectivo “Nomepises o fregao Moreia de parafeministas desxeneradas”

Por compartir connosco as súas reflexións e posicionamento no enriquecedor debate-coloquio da última xornada ‘Alternativas á despenalización do aborto’


a


Bea R. González, polo deseño gráfico da obra que tedes nas vosas mans
Xulio Pérez Pereiras, pola corrección lingüística.
ás traballadoras e traballadores da Casa Museo Casares Quiroga, polo seu traballo e atención connosco ao longo das xornadas.

á

concellería de Cultura, por facilitarnos o marco incomparábel no que realizar as xornadas, a Casa Museo Casares Quiroga, e a concellería de Mocidade e Normalización Lingüística polo seu apoio nesta publicación, especialmente a M^a Xosé Bravo e a Ermitas Valencia..

A todas as compañeiras da Coordinadora Comarcal da Coruña da Marcha Mundial das Mulleres que fixeron, con paciencia e moito traballo, que estas xornadas e esta publicación se puidesen realizar.





Apéndice

Marcha Mundial das Mulleres

Web Galiza: <http://www.feminismo.info>

Web Internacional: <http://www.marchemondialesdesfemmes.org>

Asociación Xuvenil Mil e Pico

Tel: +34 981.672.222

Praz Campo Da Feira, S/N

Carral, GA

Nomepisesofreghao, moreias de parafeministas degeneradas

Web: <http://nomepisesofreghao.blogaliza.org>

Maribolheras Precárias

Web: <http://maribolheras.blog.com>

COF (Centro Orientación Familiar) A Coruña

Rúa Tui 19, Baixo. 15002 A Coruña

Administración: 981 184 272

Petición cita ou consulta: 981 184 205/981 184 206

Servizo Galego de Igualdade

Web: <http://sgi.xunta.es>

Concellalía de Igualdade e Participación Cidadana

Web: <http://www.coruna.es>

Clínica FAOS

Web: <http://www.clinicafaos.com>

Rúa Entrepeñas 2, 1º D. 15010 A Coruña

Tel: 981 277 561